



# A primeira pedra

Monón Díaz

CRESTOMATÍAS

Título: A primeira pedra  
Autor: Monón Díaz

*Aínda que as normas de uso de todo o que se publica en [www.crestomatias.com](http://www.crestomatias.com) xa foron detalladas no post de presentación, imos lembralas e matizalas ante a perspectiva de publicacións de maior calado que irán aparecendo de agora en diante.*

*As ilustracións son propiedade de **Rosalía Díaz creativa** e non poderán ser utilizadas de ningunha maneira sen a autorización expresa da autora. En canto aos textos, están á libre disposición de quen os queira co único requisito de que se cite sempre, inescusablemente, o nome da web — **crestomatias.com** — e a autoría de **Monón Díaz**, agradecéndose, como é natural, comunicación do uso que deles se faga.*

Imagen de cuberta: Rosalía Díaz, creativa. Técnica mixta. Boli BIC/digital  
Deseño, maquetación e divulgación: Rosalía Díaz, creativa.

**www.crestomatias.com** / blog literario

## **LAPIDACIÓN**

Este relato non é máis que o primeiro intento de desenvolvemento do que se pensou como unha novela moito máis longa e ben ganduxada.  
Paréceme xusto facer a aclaración.

*A acción deste relato transcorre nunha pequena capital de provincia, durante os primeiros anos da década dos sesenta do século XX. En España, por descontado.*

Sebastián Domingo arrimou o coche ao bordo da beirarrúa e detívoo xusto diante do Café Bar Ríos. Na esquina, uns dez ou doce metros máis aló, un operario do servizo de limpeza aprestábase a regar a rúa. A luz era aínda unha nebulosa grisalla, sen brillos, que no chan se trocaba verdosa.

—Que? Tomamos a última? —dixo sen apagar o auto.

—Non fastidies, Domingo! —replicou con impaciencia Xabier Pelayo—. Xa me sae o café polas orellas.

Domingo mirouno con desgusto, co cigarro reducido a unha mínima cabicha entre os beizos grosos, escuros, asombrados polo espeso bigote negro. Activou os mandos no volante do 1500 e arrincou con brusquidade. Gardou silencio durante o traxecto ata a casa do seu compañeiro.

—Logo nos vemos, vale?, que hai que trincar ao prenda ese —foi o seu saúdo de despedida.

Pelayo entrou na súa casa coa maior suavidade posible. Abriu e pechou a porta coa delicadeza case furtiva dun intruso. Avanzou sobre o linóleo do corredor, sen poder evitar, pese ao coidado que imprimía ás súas pisadas, algúns leves renxidos, coma se fose espantando ratas ao camiñar, e entrou nunha habitación lateral. Fixo xirar o interruptor e unha lámpada de cinco brazos acendeuse. Aquela habitación estaba amoblada con todos os elementos dun vello despacho de madeira nobre e escura. As patas da mesa, pesada, adusta, remataban en garras arqueadas. O asento principal, unha cadeira de brazos de madeira de respaldo moi alto, adornábase con volutas e tallas retortas. As cadeiras para as visitas presentaban as mesmas imaxes pero co respaldo máis baixo. Ao carón había un moble de tres portas, robusto, macizo, cuber-

to de rizos vexetais e de cabezas de guerreiros con helmos esculpídos en relevo e cristais chumbados, translúcidos, de cores suaves, ámbar e verde botella. O resto das paredes estaba cheo de andeis de arriba a abaixo e os andeis, aparte dalgún adorno e algún marco con fotografías, repletos de libros.

Ofrecía toda a aparencia do despacho dun vello avogado. Pelayo abriu un caixón da mesa, desprendeuse a pistoleira do cinto e meteuna nel. Sentou na butaca e quedou absorto contemplado o lombo dos libros que tiña diante. Recoñeceu a canseira e o sono na cargación das pálpebras. Ben mirado, non máis que calquera outro día, aínda que había algo distinto na fatiga, algo engadido, algo que a facía máis pesada, máis incómoda. Negouse a entregarse á procura de posibles matices e continuou contemplando os libros. Elisa, en camisón e cunha touca sobre os ombreiros, entrou na habitación.

—Que fas, cariño? —saudou.

El púxose en pé e foi cara a ela.

—Por que te levantaches? —recriminouna sen ningunha aspereza.

Elisa, a súa muller, era unha trintañeira recentemente parida. A plétora da maternidade acentuaba a súa fermosura loura e ebúrnea. Tiña unha mirada franca e vivaz.

—Oínche entrar e como non viñas...

Xabier paseou a súa mirada cansa polos estantes ateigados de libros, deixouna vagar polos mobles todos. Ela colleuno do brazo coas súas dúas mans. Arrimóuselle, mimosa.

—Non te castigues, amor —díxolle e bicouno na meixela—. Non te castigues. Sabes que podes tomar unha decisión cando queiras. Ás veces penso que deberíamos desfacernos de todo isto. Só serve para torturarte. O pasado, pasado está.

El sorriu cun sorriso triste. Acariñoulle o cabelo e bicouna nos beizos.

—O vello despacho do avó —dixo, a cabeza baixa e a mirada repregada cara ao seu interior—. Creo que será mellor conservalo.

—Non sería mellor ocupalo? —a muller imprimiu unha carga intencional ás súas palabras.

—Non están as cousas para aventuras —replicou el, cariñoso, pasándolle a man polo ventre. No fondo gustaríalle pedirlle que non incrementase a tortura que lle causaba a frustración dunha carreira interrompida coas súas continuas alusións ao rumbo que imprimira ás súas vidas.

—Podemos falar co meu pai —porfiou, cooperante, a muller—. Sabes que te apoiará. El é o primeiro que non está satisfeito co camiño que escolliches para arranxar o teu futuro.

—Non toques ese pau, Elisa, queres? —o seu ton era rotundo, pero sen brusquidade. Apartouse e sacou a chaqueta, dobrándoa sobre o brazo—. Xa sairemos desta. Agora son policía. Iso é o que hai.

Abrazouna máis e bicouna na fronte. A calor do corpo de Elisa, pegado ao seu, provocoulle unha agradable sensación de dozura.

—E a nena, como está?

Era unha pregunta que se impuxera. Sempre que chegaba a casa, preguntaba pola súa filla aínda sabendo que non habería ningunha resposta, que non podía haber ningunha resposta. Este si constituía un severo autocastigo, establecido como inescusable polo fondo requirimento da súa mala conciencia. Elisa recibiu as súas palabras cunha especie de desfalecemento repentino. O seu corpo, cheo, opulento, de muller nova e fermosa, coa súa recente maternidade resaltando todos os seus volumes debaixo do suave camisón, pareceu empequenecerse de súbito. O seu rostro adquiriu unha expresión triste e os seus ollos, azuis e vivos, apagáronse como unha desas bombillas de dúas intensidades.

—Ben, a nena está ben. No seu berce, coma sempre, a pobre —contestou nun balbordo opaco, sen intención.

Xabier Pelayo escondeu a mirada nunha esquina do escuro despacho. Temía, nun puro sensentido, que a dor e o medo que supoñía impregnando a expresión dos seus ollos puidesen ser captados por Elisa e levárala a elaborar algunha conxectura sobre a autenticidade do drama da súa filla. Pelayo, no escuro refuxio do recuncho do cuarto, recuperara a imaxe da nena, aínda un bebé, escorregando entre os seus brazos, escorregando sobre as súas pernas en rampla, golpeando sen ruído a cabeza contra a grosa alfombra que cubría a tarima do chan. Unha imaxe que el non vira. Só podía intuíla, imaxinala. Espertouno, así e todo, o choque do cranio da súa filla contra o chan, pese ao son amortecido polas roupaxes que a envolvían e mais a alfombra. O golpe e a visión intuída da súa pequena filla deslizando pola rampla das súas pernas ata o chan, asaltábanlle unha e outra vez, sen tregua nin respiro; roubábanlle a tranquilidade, deixábano sen acougo. Toda a súa vida pasara a ser un finximento, un disimulo, unha evasión. Adormeceu coa nena en brazos unha noite que, para dar repouso á súa muller, relevouna nas atencións á criatura. Algo martirizaba á nena que non paraba de chorar. Trataron de calmala co biberón, pero rexeitouno; desvestírona e volvérona vestir por

se algunha engurra, algunha costura das súas roupas mancaba as súas tenras carnes, pero tampouco funcionou. El díxolle a Elisa que se deitase e dedicouse a pasear pola casa, arrolando á nena entre os seus brazos, arrolándoa, murmurando agarimos, palmeándolle con dozura o mole paquete do cueiro. Pero a nena non acougaba. Canso, sentou nunha butaca, adormentouse e a nena escorregóuselle de entre os brazos.

—Anda, ven —díxolle ela, tomándoo da man coma se fose un neno—. Prepároche algo e déitaste a descansar un pouco.

—Déixao. Tomarei un vaso de auga. Estou cheo de café. As noites con Domingo son interminables.

Saían xa do despacho, ata fixera xirar o interruptor. E entón díxollo. Aínda que tiña por norma non falarlle dos aspectos escabrosos da súa profesión díxollo sen saber moi ben por que:

—Apareceu unha muller morta esta noite.

—Meu Deus! Coitada!

—Sacárona do río.

—Afogada?

—Parece que non. O máis probable é que se trate dun crime... Un homicidio, seguro. Coñécela dabondo. Á muller. É unha esmoleira horrible que pasaba as horas mendigando á entrada da catedral. Tiveches que vela centos de veces, seguro.

Sería esta morte a que facía diferente a fatiga daquela madrugada?

Logo de deixar ao seu compañeiro, Sebastián Domingo continuou ata a súa casa, debatendo o seu interior todo o resto do traxecto entre a dúbida de parar ou non parar en calquera bar a tomar a última. Non se detivo, con todo. Aparcou nun oco oportuno case en fronte do seu portal, subiu as escaleiras e entrou no piso. Avanzou polo corredor afrouxando o nó da gravata. Convertéao nun tedioso, quizá absurdo, ritual. Achegarse ata a porta do dormitorio conxugal, que xa non o era desde moito tempo atrás, abrir a porta e mirar dentro o vulto sempre virado de costas do corpo da súa muller. Talvez ao principio executase aquela liturxia como un xogo coa esperanza. Pero xa non. Máis ben se trataba dunha confirmación cotiá do despeito, da ira que lle crecera dentro. Nada

cambiara con relación a calquera dos dous mil días anteriores. A súa muller achábase, en efecto, cunha exactitude que o exasperaba, na mesma postura de todas as mañás, volta cara á fiestra, de costas á porta e, polo tanto, de costas a el. Todo o corpo estirado e o ombro dereito poida que un pouco encolleito para aprehender a roupa da cama e enrolarse apenas nela. As cortinas estaban botadas e a cortinaxe corrida, pero unha raia de luz incerta, leitosa, filtrábase, vertical, sen chegar a reflectirse en ningún sitio.

Acabou de desfacer o nó da gravata. Levaba, como de costume, o cigarro a medio consumir entre os beizos. Apurou dúas caladas. Era a súa forma de manifestarlle a súa presenza. En realidade tratábase dunha provocación, dun castigo mesquiño, unha estúpida vinganza. Sabía que lle molestaba moito o cheiro a tabaco no dormitorio. Sempre fora causa de discusión desde que empezaran a vivir xuntos. O máis probable é que estivese esperta, pero non fixo nada para comprobalo nin esperou que ela o mostrase. Aínda coa chaqueta posta desanoou, por fin, a gravata, logo de desabrochar o primeiro botón da camisa. Pechou a porta e foi ata o cuarto de baño. Levantou a tapa do váter, aproveitou para ouriñar con modais rutineiros, distraídos, mentres apuraba, sen movelo da boca, dúas ou tres caladas máis, ao cigarro. Logo arroxou á auga a cabicha, grosa e ennegrecida pola humidade reseca da saliva que servira para adherir o papel e tirou da cadea. Deulle un tirón seco e forte, coma se desexase arrincala, e permaneceu enfrascado no repentino e turbulento remuíño que se precipitou na louza. Mirouse sen ningunha intención no espello que estaba colocado encima do lavabo. Abriu a billa da auga fría, facendo xirar dúas ou tres veces a estrela cromada e chea de manchas de vellez, e meteu a man debaixo do chorro ata que lle pareceu que saía o bastante frío. Adiantou un pouquiño a cabeza, recolleu auga no conco da palma e levouna aos beizos dúas ou tres veces. Despois cuspiu, cuspiu unha saliva pastosa e pegadiza, malia as enxaugaduras que fixera. A saliva deixou fíos esbrancuxados colgándolle da boca. Abriu máis o paso do líquido e limpou a pía. A man, húmida aínda, pasouna de abaixo arriba pola cara e polo pelo, secouse ao descoido na toalla engurrada na percha e encamiñouse a outro cuarto, outro dormitorio máis pequeno e con mobles máis xuvenís. Arrincou a gravata de vez e colgouna no respaldo dunha cadeira de madeira con perillas torneadas en ambos extremos. Logo sentou no bordo da cama e arrincou os zapatos de dous tiróns enérxicos, sen desatalos. Sacou os calcetíns, formou un novelo con eles e arroxounos ao chan, diante del, contra o rodapé. Quitou a chaqueta e



pregouna con coidado empuxando as guatas dos ombros unha contra outra para obrígalas a encaixar e provocar dobraduras lonxitudinais. Pousouna no asento. O arnés da pistoleira abrazáballe o ombro e as costas. A culata asomaba o seu oco ocupado polo cargador debaixo da axila. Dobrou os pantalóns cunha meticulosidade case ridícula logo da brusquidade dos movementos anteriores, e colocounos sobre a chaqueta. Liberouse da sobaqueira, extraeu a pistola, sacoulle o cargador e meteu todo no caixón da mesa de noite. Logo despoxouse da camisa, que tamén tirou ao chan, xunto aos calcetíns, e meteuse na cama en calzóns e camiseta de tirantes. Sobre a mesa de noite había un esperador redondo, de aceiro brillante, con latexado sonoro. Deulle corda e comprobou que estaba disposto para que soase á hora prevista. Mentres se preparaba para durmir, coa ira empuxándoo case fóra do leito para ir meterse polas bravas no da súa muller e obrígalas a entregárselle pola forza ou a negárselle con fereza, a arrincala daquela parálise muda na que convertera a súa relación, imaxinou se deitado á beira dela, notando como ela reaccionaba ao seu contacto, como rebulía entre a calor das sabas, como pegaba o seu corpo ao del.

—Esta noite foi movida, sabes? —diríalle, por exemplo—. Apareceu unha muller morta. No río. Pero non morreu afogada. Ten todos os visos dun crime.

Ela non respondería. Nunca respondía aos seus comentarios profesionais. Manteríase queda uns instantes, pegada a el, e logo, nun desaire calculado ou non, pero que a el lle causaríase un anoxo certo, saltaría da cama. Vestiría unha bata longa que repousaba nunha pequena butaca marrón. Estaría anoando o cinto cando lle preguntaría.

—Sábese quen é?

—Unha esmoleira repugnante que estaba sempre pedindo nas escafeiras da catedral. Unha alcohólica. Un desfeito humano.

—Esa xente! Como van acabar se non é deste xeito? —comentaría ela con dureza, sen ningunha piedade, ou, quizais, con toda a piedade acidulada pola permanencia cotiá e inconvencible á beira da miseria.

—Vivía cun suxeito da súa mesma ralea, xa podes imaxinar. Estivémolo buscando, pero non demos con el. Supoño que o pescaremos hoxe. Ben, vou durmir un pouco.

—E a muller de Pelayo? Como vai levando o da nena? —adoitárase interesarse polo que ela denominaba a mala sorte do compañeiro do seu home.

—Ah, iso! Pois a verdade, non o sei. Supoño que mal. Pelayo apenas fala dela e eu non pregunto. Comprendo que lle resulte difícil. Seguro que lle viría ben desafogarse. Pero non o fai. O certo é que ignoran por completo o que lle puido ocorrer á pobre criatura.

—Será algún mal conxénito. Ben, agora dorme, anda. Xa che espertarei para comer.

Ás veces non eran este tipo de imaxinacións as que antecedían ao sono. Ás veces, de súpeto, xurdíalle o recordo de calquera noite cando aínda se amaban. A evocación era tan nítida, tan real, que o seu corpo respondía ao estímulo. E entón, mentres se recreaba no recordo tan vivo, a cólera, a rabia, o despeito facíanse lume no seu interior. Tusiú, cando xa case entraba no sono. Tusiú varias veces e veulle á boca unha aceda regurxitación chea de café e coñac.

Retiráronse ata a última esquina do local, un bar de mala morte, con serradura sobre o terrazo e cheiro a humidade e a fritanga con aceites rancios. Xabier Pelayo xogaba coa culleriña na cunca dun café con leite esvaído, que, pese a telo pedido, non pensaba tomar. Sebastián Domingo bebía unha copa de coñac. Pelayo mantiñase de pé, ergueito, sen apoiarse apenas no mostrador, e a súa faciana non mostraba nada que non fose esperar a que o seu amigo deixase de rumiarse a tormenta que tiña lugar nos seus adentros. Domingo sentara nun tallo alto e estaba derrubado sobre a barra. Envolvía, corpudo, o minúsculo recipiente do licor.

—Non o comprendo, hostia, non o comprendo! —gritou case Sebastián Domingo—. Como pode comportarse con esa frialdade, impasible en todo momento, impasible, coma se non houberse nada entre nós? Pelayo non contestou. Aprendera a manter unha actitude neutra ante os arrebatos autocompasivos, incentivados polo pribe, do seu compañeiro. Continuou revolvendo sen necesidade ningunha o seu café. Domingo meteulle a man aberta, os dedos separados, diante mesmo dos ollos.

—Cinco anos! Entendes ben? Cinco anos levamos sen tocarnos. Nin sequer por accidente.

Pelayo sacou a culleriña da cunca, golpeouna varias veces contra o bordo e pousouna sobre o prato. Mirou ao seu compañeiro con aire

serio, evitando sempre que asomase á expresión calquera asomo de conmisericación.

—Terás que buscar unha solución —dixo.

O outro mirouno coma se recibise un castigo e o aceptase. Tomou a copa entre os grosos dedos da súa pouta de labrador reconvertido e deu un longo grolo ao coñac

—Non hai solución. Neste puto mundo non hai solución —eructou reprimindo o ruído e deixando escapar o aire polo nariz—. Foderse, é o que queda.

Falaba eslombado sobre a copa, expulsando as palabras cara a ela, como fan os curas na misa cando consagran o cáliz. Rematou a bebida e deixou unhas moedas sobre o mármore.

—Imos visitar á Vizcaína —dixo, e deslizouse ata o chan desde a altura do tallo.

—Non fodas, Domingo! —protestou Pelayo agora si co rostro demudado pola carraxe—. Por que non facemos o que temos que facer? Sebastián Domingo reacomodaba a roupa sobre o seu corpo de peso pesado excedido de quilos. Eructou outra vez, con menos sordina e maiores efluvios alcohólicos, e, mentres acomodaba o pantalón tirando do cinto de coiro, golpeou co cóbado o brazo do seu compañeiro.

—A ese prenda trincámolo cando queiramos. Non ten perda. E a noite é moi longa.

—Sabes que non me gustan estas cousas. —Pelayo non ocultaba o seu desgusto. Sinalou cun xesto vago da súa man a copa baleira sobre o mostrador—. Estamos de servizo, por favor, Domingo! Fagamos o que temos que facer.

—Non me toques os collóns, Pelayo, cago na cona! Non somos novatos acabados de ingresar no corpo.

Saíron do local. Domingo entregoulle as chaves. Non había máis luz na calella na que se atopaban que a que proviña do tugurio que acababan de deixar.

—Conduce ti, queres?

Pelayo foi levando o coche polas rúas desertas, mal iluminadas. O seu compañeiro, apoltronado no asento, co brazo sobre o respaldo, permaneceu pensativo uns minutos.

—Miúda amoestación que lle debeu botar o gobernador civil ao comisario! —exclamou de súpeto—. Viches como estaba?

Pelayo afirmou cun sobrio movemento de cabeza, os ollos tombados sobre os cilindros diverxentes, amarelados dos faros do vehículo.

—Así que O Guerrilleiro... manda carallo, O Guerrilleiro! Por que non o chamarán polo seu nome se tododios sabe quen é?... Pasea diante dos nosos narices o moi fillo de puta, segundo din, cada vez que lle sae dos collóns —continuou Domingo—. E vai ao cine cando lle peta. Sobre todo ao Central Cinema. O último maquis que debe de quedar en toda España!

Calou, sen desfacer a súa postura despreocupada nin regresar a mirada da escura profundidade que precedía ás débiles luces do auto.

—Por que crees ti que preferirá o Central Cinema? —preguntou.

—Non o sei. Non creo que sexa máis difícil de controlar que os demais cines da cidade.

Domingo gardou silencio durante outro espazo de tempo. Nos seus beizos grosos, ensombrecidos polo bigote espeso e negro, pintouse un sorriso retranqueiro.

—Eu si creo que o sei. Sempre que sexa verdade todo ese conto que armaron os nosos gloriosos axentes secretos, que iso está por ver. —Volveuse cara a Xabier Pelayo e mirouno co xesto animado—. Quen é o xerente do Central Cinema? Sábelo?

—Fontán, non? O do estanco.

—O estanco é da súa nai. Pero é ese, si. —Sebastián Domingo volveu a reconcentrarse na noite perturbada a penas polos faros do 1500—. Fontán. Un camisa vella, talvez o camisa vella máis vella de toda a cidade.

—Queres dicir que O Guerrilleiro anda buscando a ocasión de cargarse un vello falanxista?

—Non é tan vello. Non creo que pase moito dos corenta. Iso como moito. Alférez Provisional e Falanxista, si. Pero non creo que O Guerrilleiro sexa tan parvo. Divírtese. Iso é todo.

—Veña xa! —rexeitou Pelayo—. Eses tipos están organizados en células, agrupacións. Están xerarquizados e ata se someten a consellos de guerra. Vai vir xogar ás agachadas coa policía e a garda civil!

—A vida de fuxido no monte débete ser moi aburrida. Ademais, todo iso de células e agrupacións xa acabou hai tempo. O Guerrilleiro é un lobo solitario —Domingo reconcentrou a mirada nalgunha evocación que as súas propias palabras lle provocaban. Por un momento o seu rostro crispouse, os beizos contraéronse nunha gramura incerta. Por fin recuperou o seu sorriso de reposo vello. Volveu o rostro cara a Pelayo,

que conducía sen présas—. Divírtese, dígocho eu. Séntase diante dos mesmísimos fociños dun dos seus peores inimigos e contempla unha película sen que ninguén lle moleste. Búrlase. Faime caso.

—Perdoa, pero paréceme demasiado novelesco.

Xabier Pelayo estaba aparcando ao extremo, xa case un campo incul-to, dunha rúa das máis apartadas da cidade.

—Este país é de novela, Pelayo. Todo el.

—Non sei —Xabier Pelayo consultou o seu reloxo con xesto enrabe-chado—. Son as once e cuarto. Estás seguro do que fas?

—Non te preocupes. A ese prenda dáo xa por trincado. Non ten perda.

O individuo que lles abriu a porta, baixo, ancho, cabezón e cuns om-bros e un pescozo dignos dun boi enteiro de seiscentos quilos, esbozou un sorriso irónico e fixo que unhas faíscas fugaces iluminasen a estreita regaña dos seus ollos.

—Home, don Domingo! A dar unha volta por aquí? —retranqueou. A voz era igual que o golpeo dunha prensa sobre chapas de aceiro; o porte, malia a estrutura física de anano robusto, non carecía de insolencia.

—Señor Domingo, que é apelido, Cenizo, quítalle o don. Cantas veces terei que dicircho?

—Sonlle moi duro de molleira —o Hércules anano golpeaba a súa fronte cun dedo enorme sen depoñer a insolencia.

—Non fai falta que o xures. —Domingo avanzou obrigando ao outro a apartarse—. Avisa á xefa de que estamos aquí. Imos esperar na cociña. Se nos metemos no salón podemos provocar unha catástrofe.

—Esta noite non. Apenas hai un par de clientes.

Sebastián Domingo movíase polos corredores daquela mansión coa seguridade de quen domina ben o terreo. Na cociña había unha moza —non máis de vinte e cinco anos —en déshabillé e con zapatos de tacón moi afiado, preparándose unha infusión. Mirounos con receo cando entraron. Domingo non dixo nada. Foi sentar á beira dunha mesa moi vella de madeira. Pelayo permaneceu de pé. Nin cinco minutos pasaron cando chegou a madama do prostíbulo. Moi alta e bastante delgada, aínda que coa espeteira aínda firme e opulenta, vestía todo de negro e estucaba o rostro sen esaxeración. Fumaba un cigarro longo e con filtro. O cabelo era unha perruca loura acastañada. Debía roldar os setenta. Fixo un xesto severo á moza que manipulaba a súa infusión. A rapariga saíu. Entón A

Vizcaína dulcificou o seu rostro e achegouse a saudar cun par de bicos a Sebastián Domingo. Logo estreitou a man de Pelayo.

—Un compañeiro —dixo Domingo.

—Vés de incógnito ou toca xa a quenda de hixiene moral?

—De incógnito, de incógnito. Visita de cortesía.

Ela mirouno con malicia, tomoulle o queixo cos dedos e acariñoulle a meixela.

—Direille ao Cenizo que vos leve ás habitacións de arriba. Logo mándovos dúas mozas.

—Unha, só unha. Eu esperarei aquí.

A Vizcaína mirou a Sebastián Domingo cunha clara interrogación pintada no seu rostro.

—Veña, Pelayo, non sexas absurdo. Canto tempo hai que non botas un canivete como Deus manda? As nenas que hai por aquí sonche moi malas, moi malas. Saben facer unhas cousas que á túa muller non se lle ocorrerían xamais da vida. Ademais aquí quéresenos ben, verdade, Vizcaína?

Sebastián Domingo abrazou e bicou nos beizos á vella madama sen permitir que rematase o seu xesto de afirmación.

—Non debes desprezar a xentileza desta ilustre dama. Ademais, repito, non creo que che veña nada mal.

—Déixao xa, queres? Esperarei aquí.

—Sabe Deus o fame que pasaría —cismou o outro con brusquidade—. Cumpriches xa a coretena? Ou es deses que a pasan polo forro?

—Deixa iso, Domingo, fai o favor.

—Acaba de ter unha nena, sabías? Xa ves, todo un marido fiel!

—Non sigas por aí, Domingo —a voz de Pelayo aceirouse e os ollos cobraron un veo de furor.

Domingo sostivo aquela mirada cargada de ameaza, cando menos de reproche, coa súa turbia, como de costume, de matón. Dura, tamén; e desafiante.

Logo sorriu como sen ganas e naquel sorriso falsario pareceu diluírse a ira ocasionada pola ameaza que lle insinuou o seu compañeiro.

—Fai o que queiras—cedeu ao fin—.Espérame aquí nese caso. Podes botar unha escoba co Cenizo.

A Vizcaína mirou a Pelayo. Había admiración, talvez tenrura na mirada da alcaíota.

—Farei que lle traian algo de beber para que mate a espera —dixo—. Que lle apetece?

—Non se moleste, moitas grazas.

Aos ollos da madama volveron asomar os reflexos máis profundos do máis íntimo sentimento feminino.

—Como vostede queira.

Quedou só Pelayo naquela ampla e descoidada cociña de vello casarón de señoróns provincianos. Había espeteiras rancias e un chineiro arqueolóxico, traballos requintados de ebanista habelencioso en boa madeira. E cacharrada diversa e desaparellada. Pero a cociña, unha bilbaína grande e negra, con dourados e billa para o termo incorporado estaba apagada. Era un fornello eléctrico colocado cara a un recuncho do que se servían para preparar café ou infusións as mulleres que pastoreaba a Vizcaína. Xabier Pelayo, de pé xunto á mesa de vella madeira, pugnaba no seu interior por non consentir que as súas melancólicas evocacións íntimas prosperasen. Ata el chegaban, remotos, apagados, músicas, voces de home e de muller, risas francas, lúbricos gruñidos, algún berro de signo indefinido... Achábase no prostíbulo máis famoso e de maior linaxe da cidade. A Vizcaína, desde o seu escuro negocio, era unha das persoas, se non con máis poder, si con maiores influencias da capital. Xabier Pelayo estaba ao corrente de todo o que se refería á madama, a pesar de que ata facía moi pouco as súas ocupacións de policía mantivéranno apartado do rostro máis infame ou máis sinistro que por forza habería de acabar mostrándolle a súa profesión. A Vizcaína entrou na cociña. Traía unha botella tallada en cristal de rocha e dúas copas a xogo. A botella, case chea, contiña un líquido cor ámbar escuro con reflexos dourados.

—Temos unha noite tranquila hoxe. Impórtalle se o acompaño na súa espera?

Xabier Pelayo, con toda a discreción da que foi capaz, examinou á muller que tiña diante. Era fermosa aínda, con aquel busto inesperado na delgadez dun corpo ben marcado polo seu vestido negro e cinguido. O vestido negro de factura artesá resaltaba as liñas dun corpo moi ben esculpido ao longo dos anos e moi ben conservado naquel momento.

—Non é necesario que se moleste —dixo.

—Non é molestia, asegúrollo. O inspector Domingo vai demorarse un pouco. Coñezoo ben. Só velo sei o que vén buscando. É un vello coñecido.

Puxo os vasos na mesa e escanciou nos dous, ata medialos, o líquido ambarino que contiña a botella.

—É un licor caseiro, receita dunha miña tía. Foi moi trabaloso conseguir arrincarlla con todos os seus segredos. Na familia dicíamos que era meiga e a ela non lle gustaba nada. Que sen botarlle os seus esconxuros, esta beberaxe xamais nos saíría igual.

E riu cunha risa inesperadamente xuvenil, alegrada polo seu recordo.

—Pero sente, faga o favor. Sente.

Ela sentou nunha cadeira de madeira vella tamén como a mesa. Pelayo ocupou outra igual. Quedaron enfrontados, cos xeonllos case tocándose.

—Este licor —dixo elevando o seu vaso a media altura— contén alcol; a súa base é a augardente. Pero verá como lle sentará ben. É o resultado da maceración duns froitos e algunhas herbas. Colleitas, as herbas, na lúa de agosto. Ese era un dos segredos que gardaba a miña tía. Bébao sen re- ceos. Verá como lle resulta tonificante. Se ao final vai resultar que a miña tía era verdadeiramente unha meiga.

E volveu rir con aquela risa franca e refrescante. Xabier Pelayo deu un grolo do seu vaso. Un grolíño pequeno, de avanzada. O licor tiraba a doce, pero sen empacho, entraba con suavidade e entoaba, en efecto, provocando unha cálida reacción nos canos e no estómago. A Vizcaína parecía desentenderse de cales fosen os efectos do licor no seu invitado. Repregárase sobre si mesma, deixando a súa ollada xogar cos brillos ambarinos e dourados da apócema que axitaba con suavidade dentro da copa tallada.

—A súa actitude, antes —dixo, por fin—, mentres soportaba as imper- tinencias do inspector Domingo, faime pensar que desaproba vostede o que eu fago.

Pelayo ía replicar, pero ela convidoulle a que agardase ao final das súas explicacións.

—A opinión da xente desta cidade non me preocupa. Coñezo ben as entrañas das cidades mesquiñas como esta. Algúns dos que me queimarían nunha fogueira na praza pública, veñen por aquí de cando en vez. Nada novo. Sempre foi así. Aquí e en todas partes. Tamén sei que hai policía, compañeiros seus, que pecharían con moito gusto o meu establecemento e expulsaríanme da cidade, como a esas ambiguas mulleres das películas do Oeste.

Sorriu. Pelayo tamén. Ambos deixaran as súas copas encima da mesa. Ela prendera un dos seus cigarros longos e con filtro.



—O mesmo que farían algúns militares, nobres cabaleiros de misa diaria. E que podo dicir do clero? Á parte de moitas cousas —marcou un aceno malicioso—, que terei que calar pois a discreción é a alma do meu negocio, tamén contariamos un bo número de clérigos de diverso nivel dispostos a acabar comigo.

—Non é o meu caso —aclarou Xabier Pelayo—. Eu non estou en ningún deses grupos. Eu limitome a atender os obxectivos que me marcan. Nada máis. Sen mirar nin a un lado nin a outro. Só son un policía.

—Por favor, non ten por que explicarme nada —. Deu unha longa calada ao seu cigarro e, despois de exhalar o fume, un grolo curto ao seu licor. Despois de miralo durante uns segundos cunha mirada seria, continuou—. O meu home, porque estiven casada, sabe?, era un deses. Pero loitou do outro lado. Era comandante cando o glorioso alzamento e acabou de coronel ao terminar a guerra. Fusilárono no 42.

—Por favor, tampouco vostede ten por que explicarme nada.

—Por suposto que non. Pero apetécame facelo. —Volveu fumar e a beber e a dedicarlle aquela mirada cargada de gravidade que parecía escrutarlle os adentros—. Impórtalle dicirme o seu nome?

—Xabier, Xabier Pelayo.

—Grazas. Verá, eu xa vin de todo. Non sei canto lle durará a súa integridade, Xabier Pelayo, canto tardará en apedrase como a maioría dos seus compañeiros, pero agora mesmo parece vostede un home de sólidos principios. Apetécame falar cun home de sólidos principios. Os que adoitan vir por aquí, incluso os mellores de entre todos eles, non me achegan nada bo, pode crerme. Vostede aínda é distinto. Conserva a súa inocencia e deume a ocasión de verme como fun eu mesma hai algún tempo.

Pelayo achábase perturbado polas súas íntimas controversias, pero non era un sentimental. Non acababa de entender que a súa suposta integridade ou os seus valores ou principios detectados por aquela muller fogueada nos recunchos máis sórdidos e escuros da sociedade, animáranla a falarlle do xeito que lle falaba. A Vizcaína pareceu detectar os interrogantes que bulían na mente do seu invitado.

—Ao meu home fusilárono. Os mesmos para os que vostede traballa agora, dez ou doce anos despois de que o fusilaran, os mesmos aos que vostede serve. Os mesmos que veñen buscar pracer á miña casa. Isto que vou dicirlle, podería dicirillo a calquera. Moitos dos que se pasan por aquí estarían encantados de manter unha conversación como a que esta-

mos a manter vostede e eu. Non adoito darlles corte. Un saúdo máis ou menos efusivo segundo a calidade do cliente e acabouse. Pero non sería o mesmo. Vostede está agora ao lado dos que mataron o meu marido. O mesmo que eu.

A Xabier Pelayo ocorréronselle varias cousas que opoñer á afirmación da madama. Algunha chegou case a asomar aos beizos, á expresión, pero non replicou nada. Optou polo silencio.

—Xabier Pelayo —dixo a Vizcaína pousando unha das súas mans no seu xeonllo—, ignoro se nos volveremos a ver, aínda que creo que si, se continúa vostede por aquí e amarrado á brusca humanidade do inspector Domingo. Déixeme dicirlle unha cousa, unha cousa que me inquieta cando non me tortura. A guerra terminou hai quince ou deza-seis anos, non sei.—Volveu apurar unha longa calada do seu cigarro xa case consumido e tomou a copa como para facer un brinde—. Ese é un feito irrefutable. Ahi está, desde o 1 de abril de 1939. Derrotado e cativo... —Fixo un vago simulacro de brinde e bebeu o resto da súa copa. Pelayo imitoua—. Xabier Pelayo, meu xove e íntegro policía aínda sen apedrar, dígame unha cousa, quere? De verdade cre vostede que a guerra terminou en abril de 1939?

Xabier Pelayo mirou con intensidade e franqueza aos ollos da muller que tiña diante. Os seus xeonllos estiveran practicamente tocándose durante todo aquel tempo, pero só foi entón cando se decatou diso.

—Señora —,dixo—, quedan, si, algúns flocos sen importancia, colgando; cabos soltos fáciles de controlar. A verdade é que nunca me preocupou se a guerra rematou ou non o 1 de abril de 1939. Supoño que para os que a perderon, non, non terminará nunca.

—Brindo por iso —dixo a Vizcaína e volveu mediar as copas co máxico licor elaborado coa fórmula da súa tía, a posible meiga. Ambos beberon. Sebastián Domingo entrou naquel momento na cociña. O seu aspecto e as súas maneiras denotaban satisfacción, serenidade recuperada.

—Vaia! —exclamou— De parrafeo nada menos que con toda a raíña da noite, a Vizcaína. Xa podes darte cun canto nos dentes, Pelayo.

Os dous puxéronse en pé. Domingo volveu enlazar á madama polo van.

—Non hai unha copiña tonificante para min, princesa?

—Busca un vaso, anda, e sérvete deste magnífico licor. É só para os elixidos.

—Ah, Pelayo, Pelayo, como me sorprendes, cabronazo!

E serviuse ata arriba un vaso grande, dos de auga. Xabier Pelayo e a Vizcaína enlazaron as súas miradas, serias, confidentes, esclarecedoras por detrás da euforia que a satisfacción do seu sexo provocaba no inspector Sebastián Domingo.

A Vizcaína achegouse a el e deixou caer un bico en cada meixela, aproveitando para deitar quedíño na súa orella estas palabras:

—Para o inspector Domingo a guerra xamais terminará, pode estar seguro. Lévaa dentro de si.

Sebastián Domingo, co seu aire relaxado de recuperado conforto, peteirou cos seus os labios pintados da Vizcaína.

—Volveremos —dixo, co alento aínda pegado á boca da muller que prendía un novo cigarro—. Espero que para entón este santo varón saiba xa apreciar as regalías que ofrece a túa casa, Vizcaína.

Pelayo non dixo nada. A Vizcaína ultimou a despedida agarrándolle un brazo cunha man e fregándollo de arriba a abaixo coa outra.

—Sería un pracer volvelo a ver, Xabier Pelayo —dixo.

Xabier Pelayo mirou con desgusto ao seu compañeiro. Coa chaqueta descolocada sobre un ombro, o forro listado á vista, e o nó da gravata descolgado ata o segundo botón da camisa, envolvía de novo coa súa cuncha de crustáceo corpulento derrubado sobre a barra do bar outra copa de coñac. Pelayo estaba xa farto de cafés. De feito, o que tiña diante nin o tocara, nin sequera lle puxera o azucre e xa se arrefriara.

—Cago en ningún deus! —farfallou Domingo coa cabeza ladeada sen acabar de enfrontar o anoxo do seu compañeiro—. Nós que somos? Eh? Que hostia somos? Somos policías ou somos serenos?

Xabier Pelayo non contestou. Sebastián Domingo propinou un grolo brutal á copa. O bar era un tugurio inmundo do barrio chinés. Alí coñeciánnos ben. Sobre todo a Domingo. O home que atendía a barra retirouse logo de servirles para evitar calquera posibilidade de enfrontamento e con palabras xustas e bisbantes alertara aos clientes. Ás mozas non facía falta. Todas coñecían ao inspector Domingo. A Xabier Pelayo menos. Ata había pouco, o seu cometido mantivérao apartado daqueles lugares.

—O comisario é un faneca, un merdán.

—Vale xa, Domingo.

—Un merdán, cago en... —abortou a blasfemia e fixo chocar a peaña da copa contra o mármore da barra. Resoou un estalido parecido ao dunha ficha de dominó estrelada contra un velador—. Recibe unha bronca do gobernador civil e reacciona como un pimpín. Imos ver, cago en Deus, imos ver. De acordo, trincamos ao prenda este, trasladámolo aos sotos de comisaría e mazámoslle os collóns ata poñerllos coma sandías. E que? O mero feito de trincalo xa pon en aviso ao Guerrilleiro. O lóxico sería facerlle un seguimento. Converternos na súa puta sombra e esperar a que apareza o outro. Desta forma, o único que faremos será dar un susto a un desgraciado e espantar a presa.

—É posible que teñas razón. Pero a ti que che importa? O comisario quere que lle levemos ese pobre diaño, pois levámosllo e en paz.

—O comisario o que quere é realizar algún movemento para contentar ao señor gobernador.

—Aínda que así sexa. A nós que máis nos dá?

—Como que máis nos dá? Pero ti que es, un policía ou un sereno? —repetiu Domingo, encarándose esta vez de fronte coa súa parella—. Eu son policía, hostia, non un monicreque que se deixe manexar así sen máis! Se queren ao Guerrilleiro imos a por o Guerrilleiro. As cousas fanse como Deus manda. Non se lle fode a vida a dous policías para darlle gusto ao gobernador civil.

Entrou unha muller. Era unha loura vestida cun traxe vermello moi cinguido, que lle marcaba as curvas dun corpo duro e ben formado en aparencia. Xabier Pelayo reparou nas engurras, como parénteses repetidos un detrás doutro, que, a cada lado das comisuras, encerraban a boca, e nas patas de galo debaixo dos extremos de ambas cellas. A muller podería ter trinta e tantos anos. Achegouse ao grupo que estaba ao outro extremo da barra.

—Esta é a elementa —dixo Domingo seguíndoa coa mirada—. Hai que foderse! Esa faca móntaa o prenda de marras.

—Son as dúas e media —dixo Pelayo—. Pasa de catro horas que podíamos ter resolto este asunto.

—Non deas a matraca, Pelayo, cago na cona, hostia. En tres cuartos de hora estamos en comisaría co paxaro. Logo xa se verá. Abriuse a porta outra vez e asomou a cabeza enorme e apalermada dun

policía armada. O charón da gorra, os ombros de groso pano gris, o puño con abotoadura de latón dourado. Percorreu cos seus ollos severos o local enteiro. O home que atendía a barra volveuse cara a el.

—Vai un cafesiño, señores? —abarcaba na pregunta ao compañeiro que estaría fóra.

O policía botou unha rápida mirada aos dúas secretas en primeiro plano.

—Nada de cafés! Hai que ir botando as pechaduras. É moita hora. Sebastián Domingo riu, retranqueiro.

A puta do vestido vermello e cinguido empuxou a folla de madeira do portal e deu de fociños cos dous policías. O portal estaba escuro e a rúa tamén. A muller levou un sobresalto e intentou botarse fóra. Domingo agarrouna dun brazo e meteuna dentro.

—Tranquila, moza, que somos anxos custodios e estamos de servizo.

—Que susto me meteron! —exclamou a prostituta.

—Pois esquéceo. É visita de cortesía.

A muller contrariou o xesto.

—Ben sabe que eu con vostede o que queira, pero estanme esperando arriba.

Abriuse a porta do primeiro e acendeuse unha luz na escaleira. Pouco, pero algo iluminou o portal.

—Xa estás aí, lurpia do carallo? Un día haste acordar de min, raposa de merda!

O veciño do primeiro fora agraciado cunha voz de pita histórica.

—Ocúpate dese, queres? —pediu Domingo ao seu colega.

Pelayo subiu as escaleiras con fría lentitude. Sempre se sorprendía da frialdade que o invadía cada vez que tiña que exercer o corpo a corpo da súa profesión. O veciño era un vello, setenta, setenta e dous anos, baixo, repoludo, calvo e colorado. Zapatillas, pixama e bata de cadros. Xabier Pelayo enfrontouno coa placa na man. Case lle esmaga os ollos con ela.

—A calar! —ordenou nun siseo frío como un carambelo—Métase en casa e péchea ben por dentro.

O vello mirouno con medo e con rabia mesturados. Pareceu estremecerse. Babeou.

—Esa lurpia...! —comezou unha protesta.

—A dentro! —Pelayo engarfou a súa man sobre un dos seus ombros e empuxouno cara a atrás.

O vello obedeceu. Por encima do ruído da cerradura chegou a súa voz indignada:

—Esa lurpia! A ver se a levan e non a deixan volver máis!

Domingo tranquilizaba á lurpia.

—Sabemos que te esperan, ruliña. Precisamente é ao teu galán a quen buscamos.

—Eduardo? Buscan Eduardo? Pero se é un home de orde!

—Os homes de orde non chulean ninfas, ruliña.

—Iso si que non, señor inspector! Eduardo é o meu noivo.

—Xa, noivo formal e seguro que vos botan pronto as amonestacións.

—Aínda non naceu o fillo de nai que chulee a esta menda.

—Vale, ruliña, vale. Pois imos presentarlle os respectos a ese probado cidadán.

O probado cidadán, ao reclamo da controversia, descendía xa as escaleiras. No relanzo do primeiro mirou con apreensión a Xabier Pelayo.

—Cabrón! Así che queimen! —gritou o veciño co ollo posto na mirilla.

—Eduardo Flores? —enfrontouno Sebastián Domingo.

Os ollos do aludido botaron faíscas.

—Eduardo Flores Guizán, si, señor.

—Vostede perdoe, cabaleiro. Requíreselle en comisaría.

—Por que causa?

—Asuntos de índole superior. Servizos á Patria.

—Pero...

—Non irá negar a súa contribución ao ben da comunidade?

—Pero, por que o levan? —preguntou, chorosa, a rameira.

—Orgullosa deberías estar do teu galán, ruliña —replicou o inspector Sebastián Domingo—. Non todo o mundo é adornado con tan altos méritos. Anda, imos. E ti vai gozar dun merecido descanso ou a quentarlle os pés a ese veciño que tanto te quere.

Xabier Pelayo foi directo ao dormitorio, tras unha breve parada no adusto despacho para deixar a súa arma no caixón. A súa muller volveuse ao entrar el e recibíuno cun amplo sorriso. Fixo intento de incorporarse.

—Déixate estar —e contívola coas mans nos ombros. Bicouna na fronte—. Déixate estar. Quero sentirte ao meu lado na cama.

Ela mirouno sorprendida. Observouno espirse e vestir o pixama. El meteuse na cama e abrazouna con delicadeza deixando que o seu ventre oprimise, sen presión excesiva, o dela. Elisa fregoulle primeiro as costas e despois acariñoulle o cabelo. Notaba que Xabier reaccionaba ás caricias e apertouse contra el. El afundira a cabeza entre o ombro e o peito da súa muller e mantiñase inmóbil, sen procurar nada, sen demandar nada.

—Que tes, cariño? —preguntoulle Elisa.

—Noxo —respondeu Xabier—. Pero xa sabes que non quero mesturarte na miseria á que me transporta o meu traballo cada día.

—Non importa, cariño, non importa. De verdade. Se necesitas falar, fala.

—É Sebastián; o inspector Domingo, xa sabes.

—Si, claro. Que pasou con el?

—É un animal. Unha mala besta. Acaba de propinar unha malleira a un pobre home. Un desgraciado que non fixo nada. Só é parente de quen non debe.

—Parente de quen non debe? Meu Deus, é horrible!

—É parente do Guerrilleiro, oíches falar del, non si?

—Todo o mundo oíu falar do Guerrilleiro.

—Ordenáronnos levalo a comisaría, un pobre home que non se mete con ninguén, que vive do seu traballo como calquera outro, aínda que teña algún punto escuro na súa vida. Cuestións de orde moral, nada político. Tivemos que levalo a comisaría para interrogalo sobre O Guerrilleiro. Eu creo que non hai comunicación entre eles dous. Ningunha comunicación. Din que o Guerrilleiro se pasea pola cidade cando lle dá a gana. A min cústame crelo. O pobre home que detivemos insistiu durante todo o tempo do interrogatorio en que non sabía nada del. Pero Sebastián castigouno igual. Como unha besta. O pobre home choraba, gritaba, imploraba. Pero non lle serviu de nada. Sebastián golpeouno ata que os brazos negáronselle a moverse.

—Meu Deus!

Xabier Pelayo gardou silencio coa respiración sufocada contra o peito da súa muller e acolleito ás súas caricias. Nos seus ollos pechados per-

sistía a imaxe tremenda de Eduardo Flores, as súas bágoas mesturadas co seu sangue, os seus pantalóns ensuciados e coa ampla mancha de mexos estendéndose polas perneiras e o cheiro putrefacto da súa miseria conseguida a golpes.

—Teño que librar-me disto, Elisa. Teño que librar-me disto ou tolearei.

—Si, cariño, si. Deixa que fale con papá.

E acomodáronse no abrazo. Entón el viu o berce á beira da cama, coas vestiduras impolutas, frescas, como acabadas de lavar e de pasarlles o ferro e apenas un fragmento da cabeza da súa filla, recuberto polo cabelo incipiente e louro de bebé. Sentiu toda a congoxa do mundo revolvéndose no seu estómago. Reprimiu malamente un salouco. Elisa abrazouno con máis forza, apertouno máis, ofreceulle máis a calor e a hospitalidade do seu corpo.

—Teño que librar-me disto —repetiu el.

—Si, cariño. Falaremos con papá.

—A nena... —dixo e mordeu os beizos ata facerse dano. Refuxiouse no corpo da súa muller e deixou que ela oprimise a súa cabeza contra o seu peito.

Dicían que Antonio, o do Bodegón Ourensán, fornecía o viño que bebía o bispo da diocese. E sería verdade. O Bodegón Ourensán fornecía de viño a media cidade, sen dúbida. Un pobre alcohólico, enorme, forte coma un boi, embrutecido, pero leal á casa coma un can, facía o reparto nun carriño no que cargaba os garrafóns ou as pequenas barricas de trinta ou de setenta litros. A partir das sete, sete e media, e ata as once ou once e media, o bodegón enchíase de bebedores. Todos bebían de pé e poucos o facían en vaso. Bebían en xarras. Se alguén requiría algo sólido, había bocadillo de sardiñas en lata. Remedios, a muller de Antonio, tiña unha lata enorme sempre aberta debaixo do mostrador. O bodegón estaba á beira da catedral, debaixo duns soportais. Xosé, o Cheas, a besta de carga que facía o reparto, sentaba nos chanzos de cemento que había diante da porta. Mirounos, preguizoso e molesto, cando Sebastián Domingo golpeou os seus zapatóns co pé. Sen levantarse, o Cheas arrastrou o traseiro sobre o cemento e franqueoulles o paso. Espesouse o silencio cando eles dous entraron. Todos os bebedores fixéronse estatua co rostro



volto cara aos policías. Antonio quedou coa xarra suspendida sen chegar a encher a do cliente que requiría viño. Remedios non estaba naquel momento.

—Boas noites, señores —saudou maligno o inspector Domingo— ; non perturben as súas libacións pola nosa causa. Coma se non nos visen. Buscamos a unha peza divina, Manoliño, o Gabardinas. Áchase?

Todos os rostros volvéronse cara ao fondo. Entre dous bocois, sentado nas vigas que servían para estibalos, achábase, en efecto, o aludido. A pítima apreciábase na distancia. Durmiñaba coa cabeza caída e axitada sobre o peito. Alcumábanno o Gabardinas, porque durante todo o ano, fíxese o tempo que fíxese, non apeaba unha gabardina vella e verdosa. Avanzou Domingo ata o bébedo, mentres Xabier Pelayo cubría o campo desde a entrada. Bateu palmas o inspector na mesmísima orella do durminte. O Gabardinas abriu os ollos, levantou a cabeza con contrapesos de chumbo contrariando os músculos do pescozo e enfocouno con rostro de cretino. Calquera vaticinio sobre a idade daquel suxeito esnaquizado polo alcohol e as enfermidades venéreas, suporía unha temeridade.

—Viña darlle o pésame, señor meu —cuspiu Sebastián Domingo—, por tan sensible perda, como adoita dicirse.

O outro meneou a cabeza, extraviou os ollos e chorreou baba sobre o queixo e sobre o peito. Algo dixo que ninguén conseguiu entender. —O problema está en que terá que acompañarnos a comisaría, cabaleiro —continuou o inspector—, e non o vexo eu moi nas súas facultades. E non previmos o transporte.

Outra vez o borracho meneou a cabeza e farfallou gargallos mestos.

—Terei que espelilo. Vostede—dirixíase a Antonio—, abra a porta do servizo. Funciona a cisterna?

—Si, señor.

—Pois abra a porta.

Antonio obedeceu, demudado o rostro por unha protesta reprimida. O inspector Domingo agarrou ao borracho polo pescozo da raída gabardina e da chaqueta e alzouno como un pingallo, e como tal trasladouno, desconxuntado, igual que un boneco de trapo con todas as costuras descosidas, ata o servizo. Afundiulle a cabeza no váter e tirou da cadea. O Gabardinas soltou unha blasfemia rouca, áspera, pero Sebastián Domingo tíñao inmobilizado. E ao bosque de estatuas que compoñían os bebedores, tamén. Ademais de mudo e perplexo.

Xabier Pelayo, cun movemento semicircular da súa cabeza, intentou baleirar o espazo entre o seu pescozo e o da camisa. Mantíñase en pé xunto á porta, as pernas abertas e as mans cruzadas un pouco máis abaixo da fibela do cinto cubrindo o campo ao seu compañeiro. Estaba incómodo. Desaprobaba a brutalidade gratuita do inspector Domingo, pero, nin este permitiría que Ila afease nin en público nin en privado, nin, por suposto, el o faría xamais diante de toda aquela concorrencia.

O Gabardinas non regresaba do estupor alcohólico.

—Ten vostede teléfono? —demandou Sebastián Domingo.

Antonio sinalouno, sobre a barra, no extremo. Domingo aproximouse recompoñendo os puños da camisa e as mangas da chaqueta. A súa presa quedara desmadeixada, derribada contra a cunca do váter.

—Vou chamar a comisaría. Que manden unha parella de armadas para transportar o fardo —díxolle a Pelayo—. Xa só faltaba que tivésemos que cargar vultos polas rúas da cidade.

Facía virar a roda dos números coma se quixese arrincala co negro auricular de baquelita suspendido no aire.

—Que hai ademais de viño nesta choza? —espetoulle a Antonio.

—Teño augardente.

—Coñac non?

Había un único estante detrás da barra e nel un par de botellas. O bodegueiro tomou unha e puxo sobre o mostrador unha copa decorada cunha liña vermella ao redor. Encheuna.

—Son Domingo, o inspector Domingo —falou Sebastián no teléfono—. Necesitamos unha parella aquí no Bodegón Ourensán. Non. Non se trata diso. Para que se faga cargo dun detido. Exacto. Así é. Para que veñan recoller a un pringao. Que? Ah, xa! Si, si, está comigo, claro; con quen vai estar senón? Pásolle o recado agora mesmo.

Colgou e bebeu o contido da copa dun só grollo. Pediu que Ila enchesen de novo cun xesto. Volveuse a Xabier.

—Pelayo —díxolle—, chamaron da túa casa. Parece que sería conveniente que te achegases por alí.

Cando Xabier Pelayo chegou á súa casa o doutor Varela xa estaba alí. O doutor Varela era un home alto, louro, de ollos claros. O cabelo lle albeaba lixeiramente nas tempas, e as ondas nas que corría ata a súa caluga, brillaban con brillos dourados. Era o pediatra máis popular da cidade. Pateábaa diario de punta a punta, ademais de pasar a consulta na súa casa, para visitar aos seus pequenos pacientes espallados polas catro esquinas da cidade. A súa imaxe, rebordante de placidez, de serenidade e o seu rostro claro e nobre, mentres camiñaba dun lado a outro con zancadas longas e pausadas, portando o instrumental necesario para as súas consultas nunha carteira negra apoiada contra o peito, era consubstancial á cidade. O doutor Varela era, por descontado, o médico que atendía á súa filla e acudira a visitala porque, segundo dixo, tiña moí preocupado. Saudáronse xa no dormitorio, cando o médico se dispoñía a comezar o exame da pequena. Elisa aínda sostiña á súa filla en brazos.

—Imos ver que lle pasa a esta bonequiña.

O doutor Varela tomou á nena dos brazos da súa nai e depositouna sobre a cama. Comezou a espila a modo sen deixar de observala un instante coa súa mirada sería e intelixente. Mirou un momento a Xabier co aire serio e penetrante que outorgaban ao seu rostro os seus fermosos ollos claros, e non dixo nada. Logo concentrouse na nena, espida sobre a cama. Miroulle dentro da boca, observoulle os ollos, enfocoullos coa luz dunha lanterna cromada con forma de lapis, levantoulle os brazos por encima da cabeza cunha soa man e obrigouna a camiñar sobre a colcha, auscultouna, palpouna, golpeouna en diversos sitios. Mentres, a súa nai contiña a duras penas as bágoas e non cesaba de fregar as mans. Diríase que as afundira nun cubo de xeo. O pai pasoulle o seu brazo dereito polo ombro e coa man esquerda acariñáballo a meixela. El si tiña os ollos húmidos, cheos de bágoas a piques de derramarse.

—Xa pode vestila —dixo por fin o doutor Varela e comezou a recoller na súa carteira negra os instrumentos que utilizara—. A verdade, non sei que podo dicirlles. Necesito realizar un exame con outros medios. É máis, creo que sería preferible levala a Santiago. Eu direilles a onde.

—Pero, que ten a miña filla, doutor? —a nai non a vestiu. Envolveuna nun chal de la branca e apertábaa contra o seu peito—. Por favor, doutor Varela, dígame que lle pasa á miña filla.

O doutor Varela mirouna coa súa limpa mirada cor de uva. Tamén mirou ao pai, que permanecía pálido, choroso, encollido detrás da súa muller.

—Non o sei, filla; non o sei —confesou o médico—. A nena nunca dera mostras de nada anormal; nunca. Eu, polo menos, non apreciei nada nas distintas visitas que lle fixen. Con todo, agora parece que algo frea o seu normal desenvolvemento, algo lle está provocando un atraso. Ben, haberá que descubrir que é. O mellor será que a leven a Santiago.

Aquela noite, abrazado á súa muller, Xabier Pelayo sufocaba o seu pranto respirando forte pola boca aberta sobre os cabelos da súa muller. Elisa respondía ao abrazo e choraba coa cabeza afundida no seu peito, cun desconsolo insoportable para el, que o levaba á desesperación, encetáballe a conciencia. Estaban na cama, cos corpos enlazados nunha paixón angustiada. A habitación permanecía ás escuras. Xabier perdía a súa mirada nas puras sombras por encima da cabeza estremecida da muller. A súa covardía e a súa culpa esnaquizábanlle a alma. Plantábanlle diante da súa mirada afundida na escuridade a escena revivida, sen tregua nin respiro, do seu tráxico descoido. A nena, incomodada polas molestias que a martirizaban, pasaba o día nun puro choro. Así empezara todo. Non durmía nin deixaba durmir a ninguén. Eles dous alternábanse durante a noite para atendela. En realidade só valía tela en brazos, e aínda así non conseguían acougala máis que a intres espazados. Xabier adormeceu unha noite sentado na butaca coa meniña en brazos. Si, si; unha e outra vez revivíao. A nena se lle escorregou e caeu ao chan golpeándose con dureza contra a tarima, mais co son do golpe amortecido polas ropaxes que a envolvían e a grosa alfombra. Así e todo, el reaccionou ao momento, sobresaltado, angustiado. O que máis o angustiou foi que a nena non chorou. De feito non volveu chorar nunca, polo menos non dun xeito tan sonoro, tan intenso como o fixera ata entón. Sen dúbida algo se rompeu na súa cabeza, algo que amorteceu o brillo dos seus ollos e apagou a viveza de todos os seus movementos. O cambio da nena foi tremendo. A nai notouno axiña. O pai experimentou algo parecido ao terror e gardou para si o incidente da caída. Buscou, aprehensivo, algunha pegada do golpe na cabeciña da filla. Por estraño que pareza, non a había. Desde entón silenciara a súa culpa convencido de que un acto fortuíto non podía volverse daquel modo contra a súa familia e contra el. A covardía discutíaa consigo mesmo. Que importancia podía ter que dixese ou non dixese o que lle ocorreu coa nena? Todo indicaba que o mal da súa filla producírao o golpe, certo; pero non era menos certo que cando os estudos médicos descubrisen en que consistía a realidade do seu mal, que importancia podería ter que el o confesase ou non? A covardía discutíaa consigo mesmo, si; con frouxos argumentos que no canto de procurarlle acougo desasosegábano aínda máis. Nin

el mesmo daba crédito aos argumentos cos que trataba de xustificar o seu indigno silencio. Pero a culpa non podía discutila. Só lle quedaba a excusa da fatiga, do cansazo que o levou a adormecer. Pero a nena caéraselle a el e a ninguén máis que a el. Afogando os seus saloucos por encima dos da súa muller, pugnaba por recuperar a dignidade, por ser capaz de reunir a enteireza necesaria para declarar a verdade. Pero non o conseguía. As palabras fuxían, atoábanselle na boca nun tartamudeo incoherente, meros sons sen sentido mesturados co pranto. Só pranto, talvez.

—Eu non fixen nada —xemeu de súpeto a súa muller—. Coideime durante o embarazo. Meu Deus, eu non fixen nada! Non tomei nada, nada. Nin sequera o que o xinecólogo me permitía tomar. Eu coideime. Señor, por que nos está pasando isto?

Ao marido rebentoulle o pranto no peito. Foi como un grito brutal que non puido reprimir. Soltouse da súa muller, viroulle as costas e rompeu a chorar como un neno aterrado.

A muller abrazouno por detrás e apertouse contra el.

—Non chores, cariño —diciálle chorando ela tamén—. Non chores, meu amor. Pero, que nos está pasando? Deus, Deus! Que nos está pasando?

No seirón a nena durmía o seu soño inmóbil.

Sebastián Domingo abrira unha vez máis a porta do dormitorio exhalando o fume do seu fétido cigarro cara a dentro. Traía un afán de provocación, unha determinación suicida, cravados na cruz do cerebro. No canto de observar e afastarse como de costume, entrou na habitación e sentou no bordo do leito conxugal que lle estaba sendo negado. Continuou fumando sen quitar o cigarro da boca, sen pretender nada definido, que non fose provocar un estalido de rabia da súa muller, que se facía de pau ao outro extremo do leito. A el escapóuselle un eructo cargado de bafos alcohólicos. Entón ela, eléctrica, saltou da cama murmurando unha protesta airada e saíu da habitación.

Sebastián Domingo permaneceu como idiotizado sentado ao bordo da cama. Sacou o cigarro da boca e mirouno coma se esperase que lle fose a dicir algo. Polo ruído que lle chegou de fóra, deduciu que a súa muller metérase no cuarto de baño. El seguiu absorto uns instantes na

contemplación daquela cabicha ennegrecida, púxose en pé e saíu tamén do dormitorio. Encamiñouse á cociña e comezou a prepararse un café con movementos lentos, aleivosamente lentos, para obrigar á súa muller a atoparse con el alí. O son inequívoco da descarga da cisterna encheu o piso e, sobre el, a caravilla que se descorría. Os pasos da muller non resoaron. Apareceu na porta. Entrou e inspeccionou a certa distancia as manipulacións do marido. Prolongou aínda a súa presenza observando durante algúns minutos como esperaba a que fervea a auga co bote do café xa aberto nunha man e unha culler na outra. Fixo un xesto de indiferenza, saíu da cociña e foi sentar á sala. Achegou unha cadeira a unha fiestra e sentou alí, arrimada ás cortinas. Sebastián Domingo cravou a súa mirada no fondo gris azulado da tarteira. Comezaban a subir burbullas, columnas mínimas de pompas diminutas, anuncio da ebulición xa próxima. Pousou o bote e a culler sobre o mármore sen deixar de observar a auga posta ao lume. Taciturno, crispado, parecía hipnotizado polo inminente ferver do líquido. Apagou o lume e seguiu alí, eslombado, fusco, ensimesmado, coa mirada torva vendo como as burbulliñas aniquilábanse. Endereitouse, ao fin, cunha lentitude vexetal. Tiña a mirada ida, baleira, perdida para o exterior, enredada en Deus sabe que escuras controversias da mente. Camiñou ata a sala con lentitude de sapoconcho. Ocupou o oco da porta, agarrado ao marco, e mirou daquel horrible xeito á súa muller. Ela non se inmutou. Cun leve movemento da cabeza buscoulle as pupilas. O seu rostro era dunha extrema dureza. O seu xesto secundábaa.

Sebastián levou a man ao sobaco. Empuñou a pistola. Con extraordinaria lentitude, cunha lentitude case imposible. A muller non variou nin a pose nin o xesto, pero todos os nervios e os músculos do seu corpo tensáronse e os ollos achicáronse nunha mestura de desprezo e de aprehensión. A tensión fíxose evidente nos sucos que se formaron no pescozo e nas meixelas e nunha palpitación estraña nas tempas. Sebastián mantiña a pistola a media altura, coma se tivese o brazo na estribeira, e algo caído o canón cara ao chan. Miráronse durante uns instantes eternos. Entón el baixou o brazo armado, baixou tamén a vista e, mentres se volvía, dixo:

—Vou para a cama.

—Poñereiche ao corrente, papá feliz —Sebastián Domingo palmeoulle as costas e sentou fronte a Xabier Pelayo do outro lado da mesa de traballo, na comisaría. Xabier fixo un esforzo por ignorar a absoluta impertinencia do seu compañeiro—. Manoliño o Gabardinas non di máis que incoherencias. Ten o cerebro enchoupado en alcohol. A outra noite non houbo nada que facer. A este tío as trompas déixano groggy. Non reaccionou a nada e desistimos.

Pelayo imaxinou as bestialidades que terían inflixido a aquel pobre diaño.

—Onte a cousa foi diferente. Pero, nada, un relato inconexo, sen sentido... O único que sacamos en limpo foi que Manoliño o Gabardinas tena tomada cun cura, un cura da catedral.

—Un cóngo?

—Non. Nin cóngo nin beneficiado. Non sei que cargo ten, se é que ten algún, pero exerce na catedral. Don David, chámase. Por certo, que é un elemento de carallo.

—Que pasa con el?

—Que que pasa? Pouco lle falta para ser igual de prea que o Gabardinas!

—Un cura? Da catedral?

—Si, home, si. Seguro que o viches máis dunha vez. É un tipo máis ben baixo e delgado, cun bandullo de bebedor de agárrate que hai curva. Leva a tella posta de calquera xeito, a sotana máis sucia e vella que poidas imaxinar e camiña arrastrando uns zapatóns de garda civil cheos de merda.

—E un tipo así exerce na catedral? Non o podó crer!

—Quen sabe... Se cadra o colocaron aí para telo controlado. Ese elemento nunha parroquia... imaxina. Aínda non o investigamos.

—Pero, é que imos investigar un cura? Por que?

—Mira, Pelayo, a cousa está delicada. O comisario anda moi nervioso. O gobernador civil teno nun sen vivir co conto do Guerrilleiro e agora aparece un crime na cidade, e pode estar implicado un cura.

—Polas babecadas dun pobre bébedo ao que tratamos como un animal? —indignouse Xabier Pelayo—. Non dixeches que a súa declaración non serviu para nada?

—Home, tanto coma iso... Tivemos que empregarnos a fondo para facerlle comprender que a súa compañeira, a Conapodre é como a chamaban, sabes?, está morta, asasinada.

—Conapodre! Pero, en que mundo estamos? Canta miseria, Deus!

—Por certo, agora xa sabemos que foi golpeada e estrangulada. Logo arroxárona ao río. Cando entendeu iso, pareceu virlle un pouco de lucidez. Non chorou nin maldiciu nin nada, pero os ollos ilumináronselle e comezou a rir con risa de tolo. Entón foi cando nomeou ao cura por primeira vez. Pregunten a don David, dixo. Pregunten a don David. Cada vez que lle nomeabamos á morta, el remitíanos a don David. As primeiras veces con esa risa de tolo. Logo comezou a desvariar outra vez, a xurar e a dicir barbaridades. Pero sempre, sempre acababa no mesmo: Pregunten a don David. O comisario diranos se o investigamos ou non.

—É inaudito!

Xabier Pelayo observou con disimulo ao seu compañeiro. Parecía outro. Cambiara o eterno conxunto de chaqueta gastada e pantalón con xeonlleiras rafadas e raia borrosa, por outro distinto, máis fresco, máis novo. Ía ben rasurado e arranxara o bigote. Igualáralle as puntas e corrixiu a liña sobre o beizo. Sebastián Domingo apercibiuse do exame do que estaba sendo obxecto. Simulou, sen moverse, un xiro en redondo para lucir a vestimenta, amagou unha reverencia e sorriu.

—Coma se trepasen ovos —dixo, inclinándose case sobre o seu oído—. Coma se trepasen ovos, xa sabes. É a recomendación do señor comisario.

Pelayo asentiu e examinou en redondo a sala de espera a onde os levaran. Era un cuarto bastante tétrico non moi espazoso. A tarima, de táboas anchas e escuras, encerada quizá nalgún tempo, aparecía espida e todo ao redor das paredes aliñábanse cadeiras altas de madeira, escura tamén. Abriuse unha porta e o vicario xeral da diocese saíu recibilos. Tendeullas a man, primeiro a Domingo e logo a Pelayo, pero non para que lla estreitasen, senón para que lla bicasen. Ningún dos dous o fixo, pero si marcaron o xesto a medias.

—Bos días, bos días —dixo o sacerdote—. Tiven que facerlles esperar un pouquiño. Saberán desculparme.

—Sen problema, don Alfonso —dixo Domingo.

Don Alfonso Veiga, o vicario xeral da diocese, alcumado Drácula en toda a cidade, era un home notablemente alto. E notablemente delgado. A sotana, impecable e cinguida na cintura, acentuaba a estatura. A cabe-



za parecía unha caveira con lentes á que a putrefacción non arrincase a pel aínda. Sobre o cranio estirábanse uns cabelos longos adheridos a el, louros, que poderían contarse un por un. Detrás dos cristais dos lentes, os ollos dunha cor indefinida, afundidos en covas de maese Cabra, arroxaban unha mirada inquietante, inconcreta, ás veces como a dun cego, ás veces como a dunha agüia. Era o brazo dereito do bispo, o que se ocupaba, en realidade, da gobernación da diocese.

—Pero, senten. Senten, por favor.

El deu exemplo sentando medio ladeado nunha daquelas cadeiras case negras que cinguían as paredes da sala. Sebastián mirou ao seu compañeiro cun sopro de desgusto no engurra dos beizos e no brillo dos ollos. Mandáballe unha mensaxe que el soubo interpretar á perfección: Coidado co tío este. Observa, non nos recibe no seu despacho. Manexa a nosa visita como un lance sen importancia.

Sentaron eles tamén. Domingo en fronte do vicario e Xabier algo máis apartado.

—Ben, ben; pois vostedes dirán.

—Supoño que o señor comisario comentou con vostede como están as cousas —inquiriu Domingo.

—Si. Falamos. Pedíume que os recibise.

—Verá, don Alfonso, non queremos, en realidade sería mellor dicir non podemos dar ningún paso en falso, realizar ningún movemento que puidese derivar nun escándalo. Estamos falando dun posible asasinato e dun sacerdote que parece implicado. O comisario pensa que non atoparemos mellor guía que a súa.

O vicario escoitaba cos ollos cravados no chan, mentres fregaba as mans sobre as coxas, cruzadas debaixo da sotana. Cando Sebastián Domingo calou, el gardou silencio durante un tempo que a todos pareceu moi longo.

—Ata onde chegan as probas que incriminan a don David? —preguntou por fin, levantando a cabeza pero sen mirar a ningún dos dous.

—Digamos que de non tratarse dun sacerdote xa estaría detido.

—Comprendo. E postos a dicir, dígame unha cousa máis. A non inculpación de don David, no caso de que as probas o acusasen, ocasionaría danos a terceiros?

Xabier Pelayo mirou ao seu compañeiro. O inspector Domingo removeuse na cadeira. A cadeira renxeu baixo o seu peso.

—Non sei se entendín ben a súa pregunta.

Don Alfonso descabalgou as súas pernas debaixo da sotana, fixo un xesto amplo cos brazos, como un saúdo litúrxico, e esta vez si que mirou directo aos ollos do policía. Con ollos de aguiá, nesta ocasión.

—Imaxino que haberá, ou houbo, máis dun sospeitoso —aclarou o vicario—. A iso é ao que me refiro.

—Ah, comprendo! —exclamou Domingo—. Verá, á policía gústalle solucionar as cousas. Un homicidio nunha cidade pequena... É bo para todos capturar ao culpable e darlle o seu castigo. O contrario crea temores, intranquilidade, inseguridade na xente. Xa me entende. Pero nós só somos peóns neste taboleiro de xadrez, don Alfonso.

—Con todo, convirá comigo que, algunhas veces, a verdade coñecida pode resultar máis perturbadora para a xente, como vostede di, que o descoñecemento da mesma. Sen incorrer na mentira, por suposto. Ave María, ave María! Don David! —o vicario parecía superado polo desconcerto ou a incredulidade—. Don David!

Parecía, si, que se ía deixar gañar por un forte abatemento. Volveu baixar a mirada e a mover as mans sobre a sotana. Un curiña moi novo, de aspecto infantil, fazulas coloradas e sotana impecable tamén, apareceu na porta.

—Perdón —dixo—. Don Alfonso, a chamada de Astorga.

O vicario púxose en pé.

—Loado sexa Deus! Precisamente agora! Que inoportuno... —exclamou—. Vaia, vaia e dígalles que axiña me poño.

Despachou ao curiña cun xesto nervioso e expresivo da man, coma se espantase algunha inconveniencia.

—Hai moito tempo que espero esta chamada. Saberán desculparme, verdade?

E abandonou a sala.

—Que cabrón! —rosmou Domingo cos dentes apertados. Pelayo non dixo nada. Consultou o reloxo. Uns quince minutos agardaron en silencio a que don Alfonso regresase.

—Descúlpenme, descúlpenme —falou mentres sentaba na mesma cadeira de antes—. Rógolles que me desculpen.

Sebastián Domingo marcou un xesto de aquiescencia.

—Por onde andabamos? —o vicario debuxou moi ben a expresión relembadora no seu rostro cadavérico—. Ah, si! Don David e as súas presuntas implicacións. Ceo Santo!

Gardou silencio don Alfonso, de novo coas pernas cruzadas debaixo da sotana e as mans enlazadas sobre elas. A mirada fuxía cara á tarima, lonxe do alcance da dos dous policías.

—Non xulgues e non serás xulgado —dixo—. Nós somos confesores, pero non xuíces. A nosa misión é a comprensión e o perdón. Devolver a paz ás almas en tormento. Se vostedes estiveron furgando, por favor, perdoen a expresión, na vida de don David, seguro que estarán agora mesmo abafados polo sentimento de escándalo. Eu tería que pedirllas o de piedade. Pero claro, vostedes son funcionarios do corpo superior de policía. Non é a piedade o que debe guiar as súas actuacións, senón a eficacia.

Deixou de fregar as mans sobre a sotana e baixou a mirada ata elas, abertas cara arriba. Logo levantounas e tamén a vista nun xesto revestido de súplica ou de impotencia.

—O sacerdocio é un estado moi duro, señores—retomou o discurso—. Poden crerme. Moi duro. Non quero que interpreten como unha choromicada, unha brandura o que vou dicirlles, pero os sacerdotes somos seres en certo xeito mutilados e, seguro, seguro, condenados á soidade. É unha condena asumida desde o libre albedrío, por suposto, a ninguén obrigaron, e, ademais, co fin elevadísimo do servizo. Si, do servizo. Pero algúns creban, a ferida sangra, a natureza impón a súa norma severa... Si, algúns creban.

Volveu ao silencio don Alfonso. Xabier Pelayo non acababa de centrar as paixóns que lle desataba aquel asunto. Sebastián Domingo mantiña a pose exasperante de quen espera tan só que pase o tempo, que quen fala, cale, que chegue o momento de intervir para facelo.

—Que lles parece se nos citamos aquí con don David esta tarde, mañá, non sei, cando vostedes vexan? Citámonos aquí, en palacio, e vostedes levan a cabo as súas actuacións, porque supoño que se trata diso, de interrogar a don David, non é así?

—Diso se trata, en efecto. Necesitamos facerlle algunhas preguntas. Proceder aquí ao interrogatorio podería ser unha boa medida. Ao señor comisario pareceralle moi ben

Saíron do Palacio episcopal á ampla explanada que se estendía diante. A gran Praza de Santa María que envolvía a catedral nunha forma difícil de definir. Os seus límites polos catro puntos cardinais non permitían establecer unha figura xeométrica concreta. Cara ao Norte as liñas comezaban sendo firmes, rectas, pero logo se perdían nunha calella estreita

no seu primeiro tramo, breve, encerrada nuns breves soportais. Eran os soportais onde se refuxiaba o Bodegón Ourensán. Despois facíase un semicírculo imperfecto, máis pola aparencia que lle daba o muro de pedra do adro diante da fachada principal, que pola realidade en si. Logo cinguíaa outra calella estreita e sinuosa, escura sempre.

—Ben, acheguémonos ata O Centro tomar un café —invitou Sebastián Domingo, virando xa cara á Praza Maior.

Sáiron ao Cantón, como a xente da cidade denominaba a aquela praza principal a través dun tubo húmido e escuro que formaban dous vetustos edificios de catro ou cinco alturas, pardos e macizos. A Praza Maior, aquela si, era un cadrado case perfecto. Por arriba pechábaa a Casa Consistorial, o Concello, un palacio do século dezaoitto, abaixo eses dous edificios antes aludidos que evitaban a continuidade coa da catedral e aos lados construcións de pedra, todas de aspecto moi similar e que constituían senllos paseos laterais abrigados do sol ou da choiva polos soportais.

Entraron no Café do Centro. A aquela hora había animación no local. Dous camareiros con chaqueta branca atendían as mesas, concorridas, rectangulares ou redondas, de mármore. Outro máis manexaba a cafeteira e atendía aos clientes arrimados á barra e ás demandas dos seus compañeiros.

—Senta un momento —Sebastián Domingo sentaba xa a unha mesa redonda, xunto á ventá.

Achegouse o camareiro, un home recio entrado en anos.

—Bos días, señores, que vai ser?

—Que tomas, Pelayo? Eu tomarei un café só, longo. Ponlle unhas pingas de coñac, queres, Pin?

—A mandar.

—A min tráíame un café con leite.

Gardaron silencio ata que foron servidos. Pin, o camareiro, coñecía os gustos do inspector Domingo. Regou o seu café co coñac e deixou a botella sobre a mesa, como ao descoido.

—Ben, compañeiro —falou por fin o inspector—, coa igrexa topamos, como adoita dicirse.

—Si, asunto feo este.

—Como se trepasen ovos, xa sabes.

E Sebastián Domingo, cun sorbo ben medido fixo oco na cunca a outro choriño de coñac. Xabier Pelayo observou a súa manobra con desagrado.

—Ti tamén pensas que bebo demasiado?

—O que ti bebas non é asunto meu.

—Bo rapaz! O máis probable é que tampouco sexa asunto meu. A min non me preocupa. Son outros os que non o levan ben. Que lles dean polo cu!

E volveu sorber da súa cunca.

—Viches como as gastan os curas? Fixácheste como nos tratou ese cabrón? —Sebastián Domingo sinalaba cara abaixo coa man que sostíña o cunca—. Que fillo de puta! Usa as mesmas técnicas que nós! Fainos esperar, entra, sae, volve entrar... Mantivo a distancia en todo momento, fixonos notar a protección que, sen dúbida, proxectarán sobre o putito don David dos collóns...

—Creo que esaxeras.

—Que esaxero?

—Ben, eu non vexo as cousas coma ti.

—Ah, non? Así que o don Alfonsito do carallo non estivo xogando connosco canto quixo?

—Ben, non vou dicir que non soubo empregar certas tácticas evasivas, pero, á fin e ao cabo, trataba de manexar do mellor xeito posible unha situación complicada. Complicada e delicada. Un dos seus sacerdotes implicado nun homicidio horrendo, dunha muller horrenda.

—E un cura horrendo, hostia xa! Non che parece horrendo don David?

Xabier calou. Estaba botado cara atrás na cadeira, revolveu un par de veces o seu café, sacou a culleriña coma se acabase de pescar algo na cunca, golpeouna dúas veces contra o prato e bebeu, ao fin.

—Mira, o señor comisario estanos cargando o morto. A ti por novato inxenuo. Benditos os limpos de corazón porque eles verán a Deus. E a min porque non me pode ver diante. Nunca mo dixo así ás claras, pero fíxome chegar a súa opinión de que son un mal policía, un borrón no seu equipo.

—Paréceme que estás un pouco obsesionado con iso. Se fose como dis, non nos encargaría dous asuntos de importancia.

—Cago en Deus, Pelayo! Pero ti es un policía ou un sereno? O comisario está xogando connosco, con nós os dous, contigo e comigo. O do Guerrilleiro, xa ves, unha trapallada. Logo de botarnos a nós como carnaza para facer picar ao señor gobernador, agora resulta que se fai cargo un equipo traído ex profeso da Coruña e que, ademais, se coordina coa

garda civil. Tócate os collóns! E para iso fannos deter a aquel pobre díaño. E isto que? Pero ti crees que van inculpar ao cura? Crees de verdade que o van facer? Créelo?

Pelayo mirou, inqueda, ao seu arredor. Ninguén parecía prestarlles atención. Sebastián Domingo sabía gritar a súa indignación a media voz. Estaba reenchendo a cunca de coñac.

—Fannos lidar a nós co clero e despois, entre o gobernador civil, o comisario, o vicario da diocese ou o propio bispo, acharán unha solución. Non viches como se preocupaba o fillo de puta por posibles danos a terceiros? Non viches como nos advertía de que a verdade coñecida pode resultar máis perturbadora que o silencio? Son curas, Pelayo! Sábenchas todas. Atende a outra cousa. A prensa. O noso queridísimo periódico local, que? Deu a noticia no seu momento e non volveu ocuparse do asunto. Quéimannos a nós, Pelayo, que cho digo eu. Pero a min non ma dan. Sei manexar as miñas bazas. Non ma dan, non señor.

Xabier ía acabar o seu café pero regresou a cunca á mesa. Miraba apreensivo ao seu compañeiro. O inspector Domingo mirouno tamén con mirada turbia. Desenroscou con calma o tapón metálico da botella, serviuse máis coñac e bebeuno dun grollo. A súa mirada turbia, cravada nos ollos desconcertados do seu compañeiro, expresaba algunha sucia determinación.

De preto, don David resultaba case repulsivo. Ao quitar a tella quedaba ao descuberto un pelo branco enmarañado e ralo, sucio. O rostro, anguloso e resumido, parecía cuberto de graxa ou de aceite. Afeitárase, pero sen esmero ningún, e as sedas brancas, como rastrollos raquíuticos, salpicaban as meixelas, espalladas en manchas hirsutas. A sotana era vella, en efecto, e chea de lixo e os zapatóns mostraban as engurras das fendas igual que unha pelica vella e desleixada e estaban cubertos de barro seco. E cheiraba mal. Todo el cheiraba mal. A esterco.

Esta vez leváronos a unha sala diferente por completo do escanstrado e sombrío recibidor onde celebraran a entrevista anterior. Seguía sendo austera e escura, pero máis nobre, máis acolledora.

Don David fíxose esperar. O tempo do seu atraso encheuno un silen-

cio incómodo, nada hospitalario por parte de don Alfonso e soportado con resignada paciencia polos dous policíaas.

Cando entrou o sacerdote, don Alfonso púxose en pé. Sebastián Domingo e Xabier Pelayo imitárono. A caveira do vicario acendeuse cun vermello furor. Sufría, sen dúbida, un ataque de ira, que a duras penas pugnaba por controlar.

—Don David, por caridade! —xemeu o vicario—. Non poña as cousas máis difíciles!

—As miñas pernas están moi cansas, don Alfonso. Vostede sábeo. Veño desde o outro extremo da cidade. Pido perdón polo atraso.

A voz do sacerdote sorprendeu aos policíaas. Ninguén a esperaría naquel fanteche. Era unha voz grave, rotunda, cun final algo áspero, tendente á afonía.

—Sentemos. Sente vostede aí, don David, faga o favor.

—Prefiro quedar de pé.

Isto obrigou a todos a permanecer en pé.

—Imos deixarnos de rodeos —falou con rudeza o clérigo—. Don Alfonso púxome ao corrente da situación. Eu son sacerdote, gozo dun foro especial.

Xabier Pelayo mirou ao seu compañeiro. Don Alfonso sentou e pasou a man pola caveira. Sebastián Domingo gargarexou, acomodou os puños da camisa, balanceou o seu corpo levemente ao mover os pés.

—Non é cuestión de foros polo momento —dixo—. Hai un feito delituoso. Un feito grave. A nosa obrigación é aclaralo. Se podemos, claro. Creemos que vostede pode axudarnos niso. Só pedimos a súa colaboración. Nada máis.

A voz era, en verdade, un accidente. Todo en don David desmentía calquera achegamento á elegancia ou á distinción. Tratábase dun home arruinado. Os seus ollos, gastados e lacrimosos, escondían no fondo un escintileo de temor.

—Sei do que me está falando. Contoumo don Alfonso. Non vexo que podo aportar eu nese asunto.

—Verá —contraatacou Domingo—, vostede pode crelo ou non, pero isto non depende nin de vostede nin de nós. Trátase dun mecanismo que se pon en movemento e unha vez que empeza xa non se pode parar. Nós non temos ningún interese persoal. Imos dun lado a outro reunindo datos, atando cabos. Nada máis. Ao final poucas veces falla. O mecanismo.

Créame, non falla. Ao final descubrimos a verdade. Ás veces pode parecer que teñamos présa. Polas presións, xa sabe. A prensa, a opinión pública, os nosos superiores, os superiores dos nosos superiores. Pero case nunca temos présa. Case nunca. Ao contrario, podemos permitirnol nos o luxo de esperar. Creo que vai ser mellor que sente. Eu, polo menos, vou sentar.

Don David miraba, turbado, ao home que lle falaba daquela maneira. Debaixo da capa de graxa manchada que a recubría, a pel do seu rostro demudara. Cobrara unha tonalidade olivácea. Aos seus ollos seguía asomando o medo.

—Mire, hai uns días unha pobre muller, unha indixente, un desfeito humano, foi brutalmente golpeada e estrangulada. Despois alguén arroxou o seu cadáver ao río. Non podemos aseguralo aínda. Non podemos asegurar que a morte se producise na súa casa, na de vostede, quero dicir, pero temos a absoluta convicción de que o traslado do cadáver ata o río si se fixo desde a súa casa, a de vostede. Entende isto? É grave, non fai falla insistir moito, non lle parece? Pero vostede é sacerdote. Nada nos impide pensar nun acto de boa vontade da súa parte para axudar a algún pobre desgraciado. É natural. Vostede é sacerdote, confesor, participe das miserias dos homes. Áchase sometido a un imperativo de caridade e de comprensión. Sabémolo. Non sería a primeira vez que un relixioso se ve envolto en casos horribles só polo seu encomiable altruísmo. Nós entendémolo, aprobámolo, incluso, pero a nosa comprensión non pode deternos. O mecanismo, xa sabe. Por que non nos fala diso, padre?

—Nada teño que dicir.

—Verá, aínda temos controlada a situación. Aínda se move a un nivel estritamente policial, indagatorio, sen imputacións nin cargos xudiciais. Todo será diferente se vostede nos obriga a dar un paso adiante.

—Nada teño que dicir.

Sebastián Domingo entreabriu a porta do dormitorio como todas as mañás. A súa muller mantiña a mesma postura de todos os días. Resultaba increíble e enervante para el aquela visión, repetida día tras día, exacta, invariable detalle a detalle. O vulto encolleito do seu corpo, os rizos amplos da súa cabeleira loura acastañada, os pregues, as engurras da colcha sempre trazando a mesma liña, sempre producíndose na mesma marca.



E a franxa vertical, mate, da luz no breve desaxuste da cortinaxe.

A Sebastián Domingo queimoulle os beizos a brasa da cabicha. Levaba a chaqueta colgada da man dereita, as correas da pistoleira aínda lle cinguían as costas e os ombros poderosos. Abriu a porta de todo e entrou na habitación. Mollara con saliva os dedos polgar, índice e corazón da man esquerda e esfarelaba entre eles os restos do cigarro. A cinza, as febras diminutas do tabaco, as faragullas do papel caían ao chan como unha chuvía mínima de cheiro rancio, mentres el bordeaba a súa antiga cama de matrimonio. Detívose de costas á regaña de luz da cortinaxe, enfrontado á súa muller que simulaba durmida. O coñac e o café inxeridos durante a noite formaban unha burbulla de lume na bóveda do padal. A burbulla rebentou e soltou o aire ardente e ácido nun refoigo xordo que escapou entre os seus beizos. A estancia cobrou cheiro a vómito. A muller abriu os ollos e moveu o xusto a cabeza para atopar os del. O seu rostro duro, sempre duro na súa presenza, non mostrou sorpresa nin ningunha outra emoción. Mirouno, tan só, quizá cunha pregunta despectiva insinuada. El quixo falar, pero a súa garganta queimada polo alcohol e o tabaco, seca, tan só emitiu un ronquido case animal, inintelixible. Tería que gargarexar ou tusir para lograr articular as palabras. Ela fixo ademán de volveuse e saltar da cama polo outro lado. El alargou o seu brazo, os dedos aínda impregnados das adherencias da cabicha triturada, e pousoulle a man no ombro, no que, talvez, puidese interpretarse como un intento de tenrura. A muller reaccionou cun rexeitamento electrizado, unha convulsión do ombro que non admitía ningún tipo de concesión nin de rendición nin de outorgamento.

Sebastián Domingo sentiu debaixo do tacto da súa man a repugnancia que expresaba o rexeitamento do ombro da súa muller. Sentiu logo a vinchoca de alcohol e café rebentando outra vez na cova profunda da boca, o ardor instalado detrás das pupilas dos seus ollos. A súa man, quizá tenra no primeiro momento, pechou a gadoupa sobre o ombro da muller, oprimiuno sen amabilidade ningunha, obrigouna a volveuse de novo cara a el, arroxou a chaqueta e, sen soltar a presa da esquerda, arrincou cara aos pés da cama toda a lencería que cubría o corpo da súa muller. Quedou exposta enteira, desde a cabeleira ata os pés espidos, cuberta por un camisón livián, con encaixes. Sebastián Domingo estaba fóra de si. Soltou o ombro e agarrou o escote do camisón. Dun tirón brutal desgarrou a peza e fixo aparecer o corpo espido da muller. Ela apertara os beizos ata eliminalos e mirábao con ira infinita. El, aínda coa torpeza de quen non sabe medir a dimensión dos seus actos, continuou

desgarrando os retallos do camisón para conseguir espila por completo. Ela por fin intentou resistirse, e insultouno:

—Porco! Por quen me tomas? Por unha das túas putas?

Entón el, cego de desexo e de furor, sen calibrar nada, sen sopesar nada, vestido como estaba, losqueouna e arroxouse sobre ela. Intentaba tomarlle os beizos, as mamilas; pugnaba por enlazala cos brazos e atraela cara a si, primeiro por detrás, logo polas nádegas. Loitou por obrigala a abrir as pernas e colocarse entre elas. A muller resistíase con fereza, con absoluta determinación. Non gritaba nin choraba. Utilizaba todas as súas forzas para impedir os abrazos, os bicos indignos, a separación das súas coxas. Agarrábao dos pelos, arrincáballos a guechos case. Sebastián Domingo, coa garganta chea de bile, a respiración afogada, a ira instalada nos seus músculos sen goberno, losqueouna dúas veces máis. Ela non se entregou. Mantivo o seu corpo tenso. Afundiou o rostro na almofada, cubriu os peitos cos brazos firmes e pechou con maior afán o paso cara ao seu sexo. Sebastián Domingo derrotado sobre ela, babeando o ardor do esófago abrasado, comprendeu que non podería facer nada. Aínda que a súa muller claudicase por fin, el non podería facer nada. O seu corpo non respondía. Apartouse a un lado da cama, incorporouse, recolleu a chaqueta e abandonou o dormitorio. No oco do sobaco o vulto da pistola apropiouse de calquera resto de consciencia que puidese quedarlle. Foi ao cuarto de baño remollar a cara e abandonou a casa.

A Pelayo non lle gustaba embutirse de cafés e non lle ía o alcohol. Sebastián Domingo aplicábase á súa mestura habitual de café e coñac. Tiña rabuñada a cara e o pescozo. Todos na comisaría observaran o detalle, pero ninguén lle fixo ningún comentario. Deu un sorbo ao seu beberaxe e enfrontou ao seu compañeiro.

—Se pensas que formar parella comigo pode prexudicar a túa carreira... —dixo desviando a mirada a través da vidreira cara á rúa.

—Non sigas por aí, Domingo, fai o favor.

—Non, non —insistiu—. Escoita. Sen problema. Se non queres verte metido en leas, e eu son un tío problemático, eu seino e ti sábelo ben, separámonos e en paz. Xa se me ocorrerá algo para endosarllo ao comis-

ario. Ou se non, podes ser ti mesmo quen fale con el. Explicáslle os teus receos. Non sei. Xa se nos ocorrerá algo.

—Por favor, Domingo, deixa iso, queres? Quero ser un policía e non un sereno.

Sebastián Domingo riu a última frase. Baleirou dun grolo a cunca e reencheu o oco con coñac. Bebeu outra vez e pousou a cunca no prato.

—Policías! —exclamou, escéptico.— Nalgúns sitios chámannos cans e o apelativo de sabuxos aplícanolo en todas as novelas policíacas. Ás veces pregúntome se non será verdade que somos cans.

Pelayo mirouno con frialdade e displicencia. Primeiro a el, despois á botella e logo outra vez a el. Domingo acolleu a mirada co rostro envilecido por unha sombra maligna. Coma se consumase un reto, serviuse máis licor e bebeu con rudeza.

—Cal era o teu soño, Xabier Pelayo, cando decidiches facerte policía? Defender a orde, garantir a seguridade, contribuír ao cumprimento da xustiza? Soñabas cousas como esas? Pois xa ves, amigo meu, vas camiño de te converter nun can. Non o dubides. Un can ben adestrado que ataca cando lle ordenan que ataque, que atusma cando lle mandan atusmar, que se deita debaixo dunha mesa cando lle dan a orde de manterse quietiño. Cans, Pelayo. Non o dubides.

—Non deberías falar así.

—O cura dos collóns! Realizamos un traballo impecable. Ti mais eu. Resolvemos un crime nun santiamén, hostia, e, xa ves, vai quedar nos anais policiais como un asunto sen solucionar. Porque se trata dun cura! Hai que tapalo todo. E nós quedamos coma un par de parvos.

—Ás veces a verdade fai máis mal que ben.

—Somos policías, Pelayo...

—Xa, e non serenos. Nós non temos nada que reprocharnos. Solucionamos o caso. Atopamos o culpable e reunimos todas as probas que o inculpan. A partir de aí a nosa función rematou. Que beneficio reportaría á sociedade coñecer a verdadeira historia dese pobre sacerdote? Ningún. E o mal sería enorme. Impredicible, incalculable.

—Pobre sacerdote? —Sebastián Domingo colgaba no aire aquela pregunta con todo o desprezo que era capaz de reunir.— Pobre sacerdote! Non fodas, Pelayo! —calou durante uns intres cheos de tensión, coa cunca case oculta entre as súas mans enormes.— O coime da defunta continuará falando e a turbia historia dese pobre sacerdote, como ti piadosamente o chamas, estenderase por toda a cidade.

—Pero se non é máis ca puro refugallo! Quen vai acreditar o que diga? Ademais, a prensa non dirá nada. E o cura purgará a súa culpa internado nun mosteiro.

—Pero a xente decatarase. Ninguén poderá impedilo. Decatarase. Ese mal de efectos incalculables ao que tanto temes producirase do mesmo xeito.

—Equivócaste. Do mesmo xeito non. Se se dese a coñecer a verdade espida dos feitos, orixinaríase un escándalo de proporcións inabarcables, caería como unha prancha de chumbo sobre a confianza, a fe, a necesidade de crer, de sentirse protexidos do mal de todas as pobres xentes desta cidade; mentres que o bulo dun depravado non pasaría de aí, de ser un díxome-díxome. Moitos o crerán, é verdade, ou quererán crelo, a moitos lles gustaría que fose certo, si. Pero iso só alimentará o morbo, a maledicencia, a compracencia enfermiza e hipócrita no lado escuro das cousas, sobre o que se asenta a pouca ou moita moral que poida haber nesta comunidade. Hai unha gran diferenza, Domingo. Non o dubides.

Sebastián Domingo estaba bébedo. Atopábase no punto xusto entre a borracheira e a lucidez e tiña o ánimo agresivo, moi agresivo. Xabier Pelayo intentaba impedir que o seu compañeiro cometese a tolemia de irromper, a altas horas da noite, na casa do cura don David. Estiveran no prostíbulo da Vizcaína e agora detiñan o coche diante da casa do sacerdote, nos arredores, nas amplas extensións aínda rurais que cercaban a cidade. Sebastián Domingo mantiña o motor aceso e as luces tamén. Suxeitaba o volante coas mans agarrotadas, coma se fosen presa dunha forza convulsiva, epiléptica, e arroxaba a súa mirada sobre o relanzo de noite que amarelecía por efecto dos focos do automóbil, aínda que en realidade os seus ollos abismábanse cara a dentro, cara a algún lugar das súas entrañas onde se encapsulara toda a putrefacta controversia da súa vida. Pelayo observábao con alarma e crispación. O inspector Domingo actuaba ignorándoo por completo, coma se estivese só. Xirou a chave no contacto para apagar o motor. Aínda mantiña os dedos agarrados ao círculo da chave. Apagou as luces. Sen variar o punto fixo onde repousaban os seus ollos, sen alterar a súa postura nin mover máis músculo que o necesario, meteu a man no peito e fixo saltar o resorte na cerradura da porta.

—O caso está pechado, Domingo —advertiu Pelayo endereitándose no seu asento—. Xa nada pintamos aquí.

Sebastián Domingo empuxou a porta e saíu do coche. Pelayo tamén. Interpúxose entre a entrada da casa e el.

—Non fagas loucuras. Vámonos de aquí. Tomamos unhas copas e logo a durmir. Mañá verás todo isto doutro xeito.

—Aparta.

A mirada do inspector Domingo parecía un bloque de xeo atravesado por unha agulla de mercurio. As liñas do seu rostro, tensas, as engurras da fronte, fondas, a presión dos beizos un contra outro, sobre uns dentes que renxían a piques de estalar, eran signo inequívoco de determinación alleada.

Pelayo tragou saliva. Titubeou. Estableceu un parapeto coas mans abertas á altura do peito.

—Polo amor de Deus, Domingo, vámonos de aquí.

—Aparta.

Pelayo palideceu. Sentiu como a pel encollíase en toda a extensión do seu corpo á vez que toda a súa peluxe se alporizaba. Sebastián Domingo apuntábo coa súa pistola.

—Aparta.

Xabier Pelayo meneou a cabeza, consternado. Fíxose a un lado. Sentou, abatido, sobre o morro do coche.

—Teño que falar con ese fillo de puta.

E golpeou a porta coa palma da man.

Don David apareceu no oco da porta coa sucia sotana botada de mala maneira sobre un conxunto de roupa interior de felpa. Non gastaba zapatillas e afundía os seus pés nos horribles zapatóns gretados. Acendera unha luz pobre encima da porta e outra dentro, nun vestíbulo raquítico. Por detrás do rostro sucio, graxento do sacerdote, asomaba a gramura espavorida da súa irmá. Parecían xemelgos. Don David petrificara o seu estupor.

—Que ocorre? —aventurou coa súa voz sempre inesperada.

—Nada. Non ocorre nada. Vin confesar con vostede.

O cura estremeceuse de arriba a abaixo. Os seus ollos de animal receoso descubriran a pistola aínda na man do policía.

—Por que me fai vostede isto? —suplicou.

—Porque é moi probable que me pegue un tiro e quero facelo en graza de Deus.

Xabier Pelayo apoiara as palmas das mans, alzadas sobre a cabeza, na parede da casa. Observaba, incrédulo e impotente, a escena.

—Non sei o que pretende. Xúrollo. Non consigo entender as súas intencións. En calquera caso, eu non podo confesalo. Retiráronme as licenzas. Aínda estou aquí porque hai un par de cousas que deben arranxarse antes de que me encerren no mosteiro.

—Vostede e eu estamos do mesmo lado, cura. Somos dous miserables que aparentemente servimos ao ben.

—Eu só son un pecador. Só iso. Vostede titúlese como queira.

—Necesito comprender, cura. A miña vida é unha fogueira, unha fogueira permanente que enceta o meu corpo de arriba abaixo. Non o soporto máis.

—Ignoro cal é o seu tortura, señor. Se vostede quere fállolle da miña.

—A súa coñézoa! Coñézoa ben, maldita sexa! E tampouco podo soportala. Non son capaz de asumir a súa realidade. Tanta infamia, tanta podremia nun só home, que, ademais, é sacerdote. Desde que apareceu vostede na miña vida, a miña miseria rebentoume entre os ollos.

—A súa miseria! Que saberá vostede de miseria! Di que coñece a miña tortura. Vostede non pode nin imaxinala sequera.

Don David acabou de vestir a sotana sen abrochar a longa restra de botóns, acabou tamén de abrir de todo a porta da súa vivenda e fíxose a un lado, apartando, ao tempo e con suavidade o garabato estarecido que compoñía a súa irmá.

—Ande, entren —invitou—. Podemos tomar un café ou un vaso de viño. Ou comer algo. O que vostedes prefiran. Permita que lle mostre a miña tortura. A estas alturas da miña vida, e tal e como están as cousas, xa tanto ten.

A irmá de don David mirábao con espanto. O vello sacerdote púxolle unha man no ombro e fíxolle un xesto tranquilizador, de conformidade.

—Está tranquila, muller; non teñas medo. Non vai pasar nada —díxolle logrando que a súa voz de barítono ben timbrada resultase envolvente, aloumiñante.

Xabier Pelayo considerou chegado o momento de intervir de novo.

—Por favor, Domingo; non tes ningún dereito a facer isto. Rógocho, vámonos de aquí.

—Non se preocupe, señor —dixo don David—. Entre vostede tamén. Tamén vostede pode mirar de fronte a miña tortura. Entren, suplicollo. A miña irmá vai preparar café. Viranos ben a todos. Por que non garda a pistola?

Domingo mirou a súa arma. Sostíña xa sen intención, esquecida. Devolveuna ao sobaco.

—Quería vostede confesarse —a enteireza do, de xeito evidente derrotado, sacerdote, tiña perplexo a Pelayo—. Permita que confese eu. Á fin e ao cabo, vostedes, os policías, tamén recollen confesións. E en certo xeito, non sei, quizá absolvan tamén a quen confesan.

—Don David —atallou Xabier—, vostede non ten por que someterse a esta vexación. Domingo, creo que xa é suficiente. Vámonos de aquí.

—Agora deben escoitarme, señores —esixiu o cura, con acento firme na súa voz impropia da súa imaxe grotesca, desleixada—. Deben facelo, porque eu necesito que me escoiten. Vostedes dous traballaron ben, con eficacia suficiente para que no bispado reaccionasen con rapidez. Don David, un sacerdote indigno, repugnante e miserable, contratava prostitutas da peor ralea para satisfacer a súa luxuria e, a unha delas, Deus o noso Señor saberá o por que, logo de golpeala, estrangulouna. Logo desfixose do cadáver arroxándoo ao río. Isto aceptárono vostedes a proposta do bispado e ratifiqueino eu. Chegouse a un pacto de silencio para librar á Santa Madre Igrexa dun escándalo maiúsculo e a toda a sociedade dun mal moral incualificable. Eu quedarei confinado o resto da miña vida nun mosteiro. E á miña irmá pasaranlle un subsidio. E a vida segue, como debe ser. Pero vostede, un eficiente inspector de policía, é unha alma atormentada que non soporta o cru espectáculo da miña miseria e que pretende, suplantando o ollo omnisciente de Deus, coñecer a miña propia tortura.

Sebastián Domingo dobrara o corpo cara a adiante, coma se algunha forte dor o dobregase. Miraba ao sacerdote de abaixo a arriba. Todo o seu corpo estremecía-se por un convulso tremor. Don David falaba para el, coa súa figura grotesca e a súa voz inesperada perfiladas polo espanto da irmá.

—Ser sacerdote, señor —proseguiu—, constitúe en si mesmo unha tortura que vostede xamais poderá comprender. Os seminarios están cheos, as escolas apostólicas da multitude de ordes e congregacións relixiosas tamén. Hai promocións, un ano si e outro tamén, de corenta, corenta e tantos ordenados. Seculares. Engada vostede todos o regulares. De verdade cre vostede, señor policía, que pode haber semellante

andazo de vocación sacerdotal? Iso non o cre vostede nin ninguén. Serve, si, para afirmar solidamente a esencia católica da nosa Patria. Pero sabe vostede o que de verdade enche os seminarios e os conventos deste malpocado país? Non? Quere que llo diga? A fame, señor. A fame e a miseria. Non lle dea máis voltas, señor, a maior parte dos curas deste país somos produto da fame e da miseria.

Don David falara sen levantar a voz, como quen conta unha anécdota anódina ou conta cunha audiencia desinteresada. Non puxo énfase nin intención emocional no seu falar. A súa irmá, que non conseguía despegar o espanto que a inesperada visita lle producía, intentaba desaparecer esmagada contra a parede. Xabier Pelayo fora cobrando unha amarga expresión mentres o cura falaba. Sebastián Domingo semellaba non escoitar.

—Ser sacerdote, señor policía —retomou o seu discurso don David—, e ademais incumprir os teus sagrados votos devorado pola fame da carne, convértese nunha tortura sacrílega; se o teu incumprimento consiste, ademais, en manter, relacións incestuosas cunha irmá significa abismarse nas mesmísimas chamas do inferno; e ser todo iso, señor, e, ademais, encubrir a un homicida...

Xabier Pelayo derrotou a súa amargura derrubándose contra a parede. Desexaría conseguir que o cura interrompese a súa inxustificada confesión, pero xa non tiña forzas para intentalo. Sebastián Domingo parecía ter recuperado o seu interese na historia que lle contaban. Miraba a don David co rostro demudado nun xesto contraditorio de respecto e desprezo cara ao que estaba oíndo.

Don David penetrou polo corredor, detívose ante a última porta, abriuna coa chave que estaba posta na cerradura e acendeu a luz. Sobre un catre, un mero xergón de ferro cun colchón de raías, mal cuberto por sabas e mantas envurulladas, xacía un home atado con correas. Tiña o cabelo negro, longo e crespo, a barba de semanas. Era moi delgado e á súa pel asomaba un ton oliváceo baixo a luz ruín da habitación. Mirounos a todos con ollos imposibles, increíbles nun ser humano.

A irmá de don David cubrira o rostro coas mans e afundíase na esquina do corredor. Sebastián Domingo e Xabier Pelayo contemplaban arrepiados, agora si os dous, ao home aquel.

—Ese home, señores policías, é o meu fillo. E ela, a miña irmá, é a súa nai.

Don David mirounos aos dous, primeiro a un e logo a outro.



—Parécelles suficiente miseria a miña? Que horrible pecado, non é? Queren vostedes xulgalo? Ousarían? Condenaríanme? Absolveríanme? Que horrible pecado! Como é que non se abre o chan en dous e sumímonos todos nos mesmísimos infernos? Véxaa aí, señor inspector; vexa aí a miña tortura. Eu non creo nos castigos de Deus; nin sequera sei se creo en Deus. Que pode importarme crer? Diante disto, que importancia pode ter a fe? Pero esta é a miña tortura; en efecto, esta é. Aí a ten. Este home consumíase desde a súa adolescencia nunha luxuria esquizofrénica. Nós, seguro que nós e ninguén máis ca nós, convertémolo nun pobre desgraciado, un home sen alma. Mantivémolo oculto desde que naceu. Non había modo de explicar o seu nacemento. Roubámoslle a vida logo de darlla. Roubámoslle a razón. Convertémolo nun animal sen alma, si; iso fixemos con el.

Don David deulles as costas. Quedou enmarcada no oco da porta a súa figura grotesca. Os ombros afundíronselle coma se toda a miseria e toda a tortura que proclamara caéranlle encima.

—Eu quixen aplacar o seu furor con esa pobre muller, a esmoleira morta. Esa xente cómprase por poucos cartos —rematou a súa confesión—. Pero o meu fillo toleou cando ela intentou tocalo. Non creo que necesiten máis detalles.

Sebastián Domingo saíu da casa, apartouse a un recanto afastado e vomitou. Vomitou posuído por arcadas violentas e ruidosas. Trataba de normalizar a respiración con arquexos ásperos, baleiros de osíxeno, impulsados cara a dentro, como os de alguén que se asfixia.

Xabier Pelayo dedicou unha última mirada ao home no catre. Despois ao horror da irmá do cura e, finalmente, a fatiga infinita deste.

—Que vai ser do seu... —vacilou, dominado por un pudor ridículo— ...do seu fillo, padre?

—Por favor, non me chame padre. Non o son en ningún sentido. En ningún. Que vai ser do meu fillo di vostede? Recluiranno nalgún centro especializado, un manicomio, xa comprende. Con toda seguridade nun centro rexentado por algunha institución relixiosa. Á miña irmá, xa llo dixen, garantiranlle a súa vellez pasándolle unha paga mensual. E eu purificarei os meus últimos días cun retiro santo nun mosteiro. Xa ve, a miña miseria, a miña propia e a que eu xerei, vaise solucionar. Agora tócalles a vostedes enfrontarse coa súa. Vostede non sei. Pero o seu compañeiro parece necesitar moita axuda.

Pelayo saíu. Agradeceu o aire fresco cargado de humidade do amencer, que xa pintaba tenues roibéns ao outro extremo da cidade; moito

máis alá, en realidade nos últimos confíns do horizonte. Domingo xa estaba no coche. Deixara libre o asento do condutor. Xabier Pelayo, con movementos lentos, instalouse fronte ao volante.

—Lévote a casa? —preguntou ao seu compañeiro.

—Non, a casa non. Dá unha volta por aí, e descárgame no primeiro sitio que atopas aberto.

Xabier Pelayo non dixo nada. Acendeu o coche e fíxoo rodar, amodo, coa única intención, en principio, de afastarse da casa de don David.

—Gárdame isto, queres? —Sebastián Domingo tendíalle a sobaqueira coa arma dentro—. Despois de todo, gustaríame seguir vendo amencer. Pelayo recolleu a pistoleira envolta polas correas, sostívoa uns instantes mentres miraba ao seu colega e logo botouna no asento de atrás. Tardase o que tardase en descabalgar a Domingo, faltaba pouco, en calquera caso, para que os seus pasos silandeiros volvesen espantar ratas sobre o linóleo do corredor da súa casa. Alí estarían o despacho do avó para recordarlle a frustración da súa carreira inacabada e os ollos apagados da súa filla para cuspirlle, día tras día, a infamia, a miseria da que ninguén, a non ser el mesmo, podería redimilo.

Penetraran xa na cidade. Circulaban por unha rúa estreita e escura. Sórdida. Naqueles anos da metade do século había moitos espazos coma este, sórdidos. A pequena capital de provincia, en puridade, estaba case sen facer. Faltaba todo. Sobre todo unha verdadeira hixiene moral que a sórdida estreitura das caellas provincianas non permitía agromar. Os roibéns do amencer non alcanzaban aínda a ruela pola que transitaban. E aínda habían tardar un bo anaco en facelo. Ás veces o Sol non daba penetrado nela en todas as horas do día.

A luz repartíase dunha forma moi desigual na cidade na que Xabier Pelayo exercía unha profesión nunca desexada. Sentiuse premido de pronto polo desexo de chegar a casa e deixarse envolver polo recendo antigo e nobre dos vellos mobles do despacho de avogado do seu avó. Seguro que algún deles estudaría a miseria que envolvía a vida de don David, o sacerdote e pai incestuoso, encubridor dun crime sen culpable certo, que aceptaba acabar a súa vida recluído nun mosteiro a cambio de evitar un horrible escándalo as boas xentes da pequena vila, que nin cidade era por moito título que se lle dera.

O inspector Domingo eructou groseiramente amoreado sobre si mesmo o seu corpo de peso pesado excedido de peso e refofgou con ruído.

—Mira a ver, Pelayo —dixo—, mira a ver se atopas un local aberto.

Necesito tomar algo.

—A última —dixo Xabier Pelayo.

—Así mesmo. A última.

